

Alameda

Revista da Sociedade Liceo de Noia - nº 18 marzo 2005



Festas patronais agosto 1984. Touros no Curro





nº 18



Esta revista non poderá ser reproducida, nin total nin parcialmente, calquera que sexa o medio empregado, sen o permiso previo do editor. Reservados tódolos dereitos.

A Sociedade Liceo non se fai necesariamente responsable das opinións dos seus escritores e colaboradores.

EDITA:

Sociedade Liceo
Alameda, s/n
15200 Noia (A Coruña)
Tfno./Fax: 981 820 535
email:
información@liceodenoia.com
www.liceodenoia.com

COORDINADOR:

Cándido M. Prego Rajo

CONSELLO DE REDACCIÓN:

Xosé Agrelo Hermo
Ramón Carredano Cobas
M^a Antonia Castro Patiño
Pedro García Vidal
A. Ventura González Arufe
Xosé Moas Pazos

GRAVADO CAPA:

Esteban Romero Alcalde

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN:

Gráficas Sementeira, S.A.
Tfno.: 981 823 855
Fax: 981 821 690
e-mail: sementeira@telefonica.net

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:

Ramón Blanco Fernández

DEPÓSITO LEGAL: C-888-2000

Presentación



Estamos a punto de levar a bo porto un proxecto que todos anhelamos, e comezar unha renovación das instalacións da Sociedade, a fin de alcanzar novas metas, crescendo xuntos e intentando borrar malos records tan próximos e desagradables, desexando o mellor para cada persoa que nos rodea.

Sinto andar outra vez coa obra de ampliación do noso edificio; xa podemos respirar co proxecto aprobado, que en próximas datas vai comezar a levarse a cabo e desta forma iniciar unha nova etapa.

Con este empeño a Xunta Directiva quere que emprendamos xuntos este proxecto, que redundará nunha nova Sociedade con máis relevancia para Noia; mes tras mes veremos como se renovan instalacións, se reestruturan aspectos técnicos, se reorientan prioridades, posibilitando unha maior programación cultural e deportiva... Hai moito que facer.

Desde estas liñas espero seguir contando co apoio de todos vós, e así ir coñecendo máis a fondo os problemas que poidan presentarse no entorno da obra, pois o único obxectivo que pretendemos é a vosa satisfacción por formar parte da Sociedade Liceo de Noia.

Un saúdo,

Xosé Moas Pazos
Presidente

Sumario

Axenda.....	2
<i>Cándido M. Prego Rajo</i>	
Entrevista	5
Xoán X. Mariño <i>Pepe da Roca</i>	
O mar	8
Dous bous para a historia: Santa Eulalia e Santa Rosa <i>Xosé Agrelo Hermo</i>	
Xeografía	11
O revolto negocio do aire <i>Pedro García Vidal</i>	
Pinceladas sanitarias	18
Osteoporose <i>Víctor Vez Vilar</i>	
O Couto de San Martiño de Corenza no tempo.....	21
<i>Manuel Ces Canle</i>	
Futbol	
Noya F.C. Tempada 1962-1963.	27
<i>Ricardo Güeto</i>	
Cancións de Noia.....	32
<i>Prudencio Romo</i>	
Un poeta de Porto do Son: Xosé Iglesias Roura.....	35
<i>X. Ricardo Losada</i>	
Naufraxios na ría de Muros e Noia	39
<i>Manuel Mariño del Río</i>	
Cabalo do demo	46
<i>Carlos Mosteiro</i>	
Man, o eremita de Camelle ..	48
<i>Agustín Agra Barreiro</i>	
Noia: vintecinco anos de democracia.....	55
<i>Domingos Campos</i>	
Domingo Antonio Ríos Ronquete	63
<i>José Freire Picallós</i>	
Poesía	66
Sueños - Pesadillas <i>Jota P. Erre</i>	
Noia en branco e negro	67
<i>Roque Gallardo</i>	
Os nosos libros.....	68
<i>Xerardo AgraFoxo</i>	



Cándido M. Prego Rajo

Axenda



Sección de *Taekwondo* desprazouse a Málaga nos primeiros días de decembro, para participar no II CONGRESO ANUAL DA FITE.



A LÚA DE NADAL

Este ano estreamos un “Portal de Belén” pintado e montado desinteresadamente, por alumnas da actividade de manualidades, dirixidas pola súa monitora Mari Carmen, que participou moi activamente nesta idea e que a todas elas lles agradecemos o detalle. Esperamos que para vindeiros anos se incrementen as figuras deste magnífico “Belén”.

Facer constar tamén que algunhas alumnas da Sección de debuxo e pintura, igualmente dirixidas pola súa monitora Malena, pintaron un cadro alusivo ós “Reises Magos” dirixíndose a Noia sobre a ponte do Campo, coa igrexa de San Martiño ó fondo.

A monitora de *Patchword*, Concha Montes, confeccionou unha lúa moi “churrusqueira”, que tamén adornou o Belén. A todas elas moitas grazas polo interese que demostraron coa participación que delas se solicitou nesta iniciativa da Directiva.

O día 9 de xaneiro, a Fundación Neira Vilas, entregou na súa sede de GRES (Vila de Cruces) o Premio de Teatro Estornela a **Xosé Agrelo** pola súa obra *O Ensaio*. Parabéns para o noso inestimable colaborador da *Revista Alameda*.



O BELÉN



A PINTURA E O PORTAL DE BELÉN



Os festivais de Nadal e Reis estiveron moi concorridos como xa é habitual. Os Reis trouxeron lambetadas e xoguetes para os máis cativos.



O día 21 de xaneiro, nun ateigado Coliseo Noela, **Xerardo Grafoxo** presentou o seu libro *Unha viaxe no Ford T*, Premio García Barros 2004. O acto contou coa participación de Víctor F. Freixanes, director de Editorial Galaxia, Antón Riveiro Coello, presidente da Asociación Barbantia e Bieito Iglesias, escritor.



Como vén sendo habitual, celebráronse os festivais de Entroido. Cabe destacar o festival infantil que estivo amenizado por *Brétema*, e ó que asistiron máis de 500 nenos disfrazados, entre os que se sortearon xoguetes. Tamén estivo moi concurrido o Baile de *Piñata*, que este ano se dedicou ó “Oeste”. O ano próximo celebraremos a noite “*das profesións e os oficios*”.



O día 31 de Xaneiro celebráronse as Asembleas Xeral Ordinaria e Extraordinaria. Na primeira foi reelegido presidente D. JOSÉ MOAS PAZOS, por catro anos máis.

Tamén se propuxo ós asistentes á Asemblea o nomeamento de *socios de mérito* a D. Emilio Salanova Rodríguez, socio nº 162, D. José del Puerto Louro, nº 300, D. Manuel González Agrelo, nº 396 e D. Andrés Petisco Aicinena, nº 439. Esta proposta foi aprobada unanimemente polos sres. socios. Acordouse así mesmo iniciar unha conta con aportación da Sociedade de 1.000 euros, na que poderán participar tódolos socios que o desexen, para axudar ós afectados pola catástrofe do “tsunami” no Sureste Asiático.

Na Asemblea Extraordinaria, que tiña como único punto as inminentes obras de remodelación e nova edificación, o Sr. Presidente informou que o orzamento das obras elévase a un total de 536.000 euros, segundo consta no proxecto confeccionado polos arquitectos. A tasación do edificio social da Sociedade feita por Caixa Galicia, entidade concesionaria do crédito de 480.000 euros para a obra, quedou establecida en 915.985 euros.

Co aumento de 1 euro no recibo mensual, aprobado en asemblea de 04.07.03, e que comezará a cobrarse ó inicio das obras, estaríamos a cuberto da financiación total da obra, co cal non iríamos ó adianto de cota.

Recordo tamén que na asemblea de 30.01.04, aprobouse o incremento da cota de entrada a 450 euros, informando así mesmo, que de continuar o ritmo actual de inscrición de novos socios, teríamos que suspender a súa admisión.



27 DE FEBREIRO: CABODANO DO POETA QUICO GONZÁLEZ

Xoán X. Mariño

Desde que nos deixaches as estrelas non necesitan brillar. Xa ninguén fica agora no escuro a contemplar o seu fulgor. Nin o luceiro da alba ten quen o agarde con saudade. Nin a luz de Venus

volverá inspirar versos dunha paixón tan encendida como a túa.

¿Quen busca agora os diamantes nas longas noites da primavera noiosa e quen se ocupa desde entón de escribir os máis tristes versos nocturnos?.

As lousas do Cantón non volveron ver pasar o teu ronsel de atormentados sentimentos, nin as paredes de S. Martiño a escoitar as túas oracións pola Terra toda. As rúas mesmas, choran e as súas pedras pregúntanse: ¿que outro ferido poeta nos escribirá coplas de pé crebado pola dolor, irreais sonetos de fantasmagóricos endecasílabos, alexandrinos misteriosos, metáforas alucinadas, sicoromances que electro-shokan os seus octosílabos de emoción sobrecolledora deslizándose polo fío da navalla para precipitarse no abismo da loucura? ¿Quen se inspirará por unha vez máis no plenilunio para ensoñar décimas románticas, líricas declaracións de amor, imaxinativas silvas de desbordante fermosura?

¿Acaso os teus versos verán a luz algún día? ¿Poderás contemplar desde o firmamento, para o teu acougo infinito, como os poemas que escribiches ocupan o enorme baleiro que deixaches? ¿Vixiarás desde Andrómeda que as túas estrofas só as soñen as almas puras, os espíritos libres, as mentes lúcidas, os ollos claros dos bos e xenerosos?

Esborróaseme a vista coa brétema da emoción e a tristura. Non deixes de mirar por min desde ese astro luminoso.



O pasado día 21 de xaneiro presentouse no Coliseo Noela *UNHA VIAXE NO FOR T* de Xerardo AgraFoxo, que gañou a XVI edición do Premio de Novela García Barros, convocado polo Excmo. Concello de A Estrada coa colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística e a Editorial Galaxia.



O AUTOR
ASINANDO
LIBROS
DURANTE A
VELADA
LITERARIA

Durante o acto faláron o escritor e presidente da Asociación Cultural Barbantia, Antón Riveiro Coello, o Director da Editorial Galaxia, Víctor Freixanes, o escritor Bieito Iglesias e o autor da obra premiada. A velada literaria tamén contou coa participación da pianista Verónica Martínez que interpretou a Sonata “Claro de lúa” de Beethoven e un vals do compositor polaco Chopin. Ao rematar o acto, que contou coa asistencia de numeroso público, o novelista galardoado e colaborador da Revista *ALAMEDA* asinou exemplares da súa obra.

O pasado mes de decembro outro colaborador da Revista *ALAMEDA* recibiu un dos máis importantes galardóns literarios que se convocan na actualidade en Galicia. Agustín Agra Barreiro obtivo o XXX CERTAME NACIONAL GALEGO DE NARRACIÓNS BREVES “MODESTO R. FIGUEIREDO”, convocado pola FUNDACIÓN PEDRÓN DE OURO, co relato titulado “OS LÍMITES DO INIMAXINABLE. OS CÁRCERES DAS CORES”. Unha inquietante historia, ambientada a partir dunha viaxe realizada polo autor ás terras de Normandía, pola que desfilan os pintores Monet e Francis Bacon e outros personaxes vencellados co medievo francés. Con esta obra o escritor noiés convértese nun dos valores máis prometedores dentro do panorama narrativo galego, ao situarse a carón doutros importantes gañadores: Méndez Ferrín, Helena Villar, Riveiro Coello, Rosa Aneiros, Xavier Alcalá, Emma Pedreira ou Víctor Freixanes. Os lectores da Revista *ALAMEDA* apreciarán nas páxinas deste mesmo número a súa calidade literaria.



O AUTOR
ASINÁNDOLLE
UN LIBRO A
MANUEL
FERNÁNDEZ
GARCÍA



Pepe da Roca

Entrevista

Xoán X. Mariño

O profesor Xoán X. Mariño Reino, experto en arte e artista tamén el, é o mellor coñecedor dos grandes escultores e pintores que honraron a Noia nos séculos pasados. Xosé Ferreiro, Felipe de Castro ou Xenaro Carrero non teñen segredos para este noiés dunha peza, investigador concienzudo, historiador sensíbel e docente vocacional. Un valedor, tan importante como necesario, da arte e dos artistas.

Cando naceu en ti esa preocupación polo estudo da arte e dos artistas que caracteriza todos os teus traballos de investigación?

Quizais no fondo dese interese haxa unha especial sensibilidade cara a arte herdada do meu avó, o pintor Eduardo Mariño, aínda que a auténtica preocupación naceu, penso, cando nas aulas da Facultade de Historia me atopei coa obra de Ferreiro e Felipe de Castro. Alí decateime de que en Noia case ninguén coñecía nada destas dúas personalidades e, ó finalizar os meus estudos na Universidade de Santiago, propúxenme facer o labor divulgatorio necesario, non só para facerlles xustiza a aqueles artistas, senón tamén para que os noieses nos sentisemos máis orgullosos do noso pasado e valorásemos máis o legado histórico do que somos depositarios.

Xa é un tópico dicir que Noia é berce de artistas plásticos pero ¿en que se basa tal afirmación?

Na longuíssima lista de escultores e pintores que, desde a orixe mesma da vila, na remota data do 1168, ó longo de tódalas épocas e sen interrupción, encheron de relevos e pinturas as igrexas de Sta. María a Nova e S. Martiño, artistas anónimos que esculpiron as fantásticas tallas dos sepulcros nobiliarios e o cruceiro de Sta. María a Nova, o do Tapal, ós que seguiron os artistas, lamentablemente de nome tamén esquecido que fixeron as valiosas imaxes renacentistas de S. Martiño e S. Francisco, así como os magníficos orfebres que labraron pezas tan fabulosas como os cálices de S. Martiño e Argalo ou as

cruces de Boa e O Obre. Pléiade que, pasando polos insignes Felipe de Castro e Ferreiro, grandes mestres como Diego de Sande e o pintor Xenaro Carrero, infinidade de tallistas noieses que traballaron por toda Galicia durante o s. XVIII, como os diversos membros da familia Malvárez, Bernardo Romero, os García Gudín, os Del Río ou Xosé A. Fabeiro no s. XIX, Picón no XX, pintores de sona como Paco Creo, chega ós nosos días con creadores de tanto renome internacional como Alfonso Costa e Manuel Romero, pero que non se esgota nestes, senón que se amplía co resto dos cinco irmáns Costa, Veiras, escultores como Soledad Penalta e Emilio Mariño e tantos outros que non se dedican profesionalmente á arte, relación que a cotío se renova coa frescura aportada por mozos e mozas que forman parte das tendencias máis vangardistas, entre os que quero salientar ó imaxinativo Serafín Fernández.


Van alá trescentos anos do nacemento de Felipe de Castro e a Vila de Noia segue a ser coñecida polo seu nome. ¿En realidade tivo este artista tanta importancia no mundo cultural da súa época?

Sen dúbida. A súa valía foi recoñecida xa polos seus contemporáneos: Felipe V, o primeiro monarca Borbón, que se fixo rodear de tódolos arquitectos, escultores e pintores de maior prestixio naquela época, chamou a Felipe de Castro, que xa gozaba de gran prestixio en Roma, para dirixir os labores de decoración escultórica do Pazo Real de Madrid.

Logo Fernando VI, non só o nomeou escultor persoal, senón que tamén, por consideralo como unha das mentes máis preclaras do momento, lle encargou a posta en marcha da Real Academia de Belas Artes, institución desde a que se ían dar os pasos necesarios para botar as bases da arte moderna. Carlos III aínda o habería de designar Director Xeral da Academia, cargo que lle permitiu impoñer unha formación intelectual ós novos artistas e, por ende, mellorar a consideración social dos mesmos, pasos que, un por un, irían seguindo a continuación franceses, italianos, alemáns, norteamericanos... Recoñecemento que xa figura nas Historias da Arte españolas, mais non así nas de Arte Universal, baleiro que unha exposición internacional dedicada a Castro podería encher, e o seu III centenario era unha boa ocasión, pero as nosas autoridades, que son as que máis se debían preocupar, non parece que teñan moito interese en promocionar no mundo o nome de Noia.

Como mellor especialista na vida e obra do escultor Ferreiro ¿non cres que a súa figura está infravalorada, ou mesmo esquecida pola xente do pobo onde naceu?

É posible que o seu mérito entre os noieses non sexa ben poderado. Tanto é



así, que, na actualidade, gozan de máis predicamento artistas do tres ó cuarto (e para que non se ofenda ningún vome poñer de exemplo a min mesmo) que este extraordinario escultor, quen, en cambio, está moi ben estimado en Santiago, onde, en tódalas exposición que a Xunta organiza por cada «Xacobeo», a obra de Ferreiro ocupa sempre lugar preeminente, ó igual que en tódalas Historias da arte de Galicia e incluso nas españolas máis recentes, pois a súa figura revalorizouse enormemente a raíz dunha exposición antolóxica que o Seminario de Estudios Galegos organizou en 1967. Para que aquí se recoñecese como unha das máis destacadas personalidades que dan brillantez a Noia fixen o meu libro *O escultor Ferreiro* en 1991 e dei varias charlas sobre el, pero sei que a súa difusión foi moi limitada; co obxecto de darlle ese recoñecemento definitivo na súa vila natal un grupo de escritores e investigadores fixemos unha proposta ó Concello no 2003 para montar aquí unha exposición de homenaxe, cunha participación xa garantizada da Deputación para as publicacións que se fixesen, a nosa propia colaboración para organizar unhas Xornadas dedicadas a Ferreiro ou un Congreso se se terciaba, pero

o noso proxecto, moi perfilado xa, caeu en saco roto, porque as autoridades municipais non están por este labor, como se demostraría de novo o ano pasado co centenario de Felipe de Castro, xa comentado.

***Impresiona pola súa magnitude e pola súa rigurosi-
dade científica o traballo que publicaches en tres volu-
mes sobre o Patrimonio Histórico-artístico de Outes.
¿Poderás facer o mesmo no Concello de Noia?***

Gañas non me faltan, de feito xa estiven inventariando o Patrimonio de S. Martiño xunto con Concha Allut e Luis Pensado por encargo da Xunta Parroquial, durante estes dous últimos anos, pero catalogar un Patrimonio Histórico-artístico tan inmenso como o noiés (por poñer só dous exemplos: en Outes hai só media ducia de labras heráldicas e en Noia unhas 200, naquel Concello non hai nin un só sepulcro medieval e en Sta. María a Nova entre laudas e sartegos debe haber máis de 500) téñoos por un labor improbo, canto máis se se fai sen apoio institucional. De feito, en Outes, o Concello non só financiou os traballos e as publicacións, senón que tamén puxo á miña disposición todo tipo de medios: fotografías, vehículos, persoal para axudarme nas medicións, abrimme camiño entre a maleza para localizar castros, petroglifos, muíños..., un día ata mobilizou unha brigada de 10 ou 12 operarios para desbrozar unha mámoa de grandes dimensións e podela fotografar, mesmo unha lancha para facer o propio coa Ponte Nafonso desde o medio do río. E en Noia paréceme que non hai ese interese; mentres que os concellais de Cultura de Muros e Porto do Son xa se dirixiron a min para facer alí algo semellante, ás autoridades noiesas o que lles ocupa a mente son os touros no verán ou se traer a Manolo Escobar ou Perico dos Palotes a ler o pregón das festas. Por iso se me antolla lonxano o momento de abordar semellante cometido.

***Crítico de arte e tamén artista ¿como se poden unir
esas dúas facetas na mesma persoa?***

A resposta máis sinxela é a tópica: por amor á arte. Un amor que comporta grandes doses de paixón pola pintura, polos monumentos, polo seu estudo e coñecemento... Amor que sinto correspondido no goce que experimento ó aplicar as cores sobre o lenzo ou o papel e conseguir as formas que quero, na satisfacción dunha exposición cos meus cadros exitosa, un público que acode fielmente a cada edición das Xornadas da Historia

ou charla que dou, ou o simple disfrute da fermosura dunha catedral, un cadro de Velázquez, un libro de Avilés ou un concerto dos alumnos do Conservatorio.

***Finalmente ¿teñen os alumnos de
hoxe sensibilidade suficiente para
crear ou, alomenos, para disfrutar das
obras de arte?, ¿como ves o futuro da
creatividade artística en Noia e a súa
comarca?***

Xa me gustaría ter unha resposta tan sinxela como a pregunta, pero non acerto a dar con ela. Ocorreseme que o alumnado de hoxe posúe a mesma sensibilidade cara ós estímulos exteriores igual có de tódalas épocas, entón a cuestión é: ¿a comunidade de hoxe estimula artisticamente a súa mocidade? Vexo que pais e amigos animan ós chavales e chavalas a facer estudos de dereito, empresariais, informática... e á sociedade os únicos talentos que lle interesa descubrir son os futbolísticos; ás autoridades académicas a simple idea de instaurar bacharelatos artísticos pódelles dar un derrame cerebral e ¿que dicir da necesaria promoción?, ¿cantas becas se convocan especificamente para estudos artísticos? ¿cantos certames se fan en Galicia? ¿outorgou algún galardón o Concello de Noia por méritos artísticos? Daranllo a quen faga mellores empanadas, e non me parece mal, pero se vai aparecer algún Felipe de Castro no futuro, sairá da escola de gravado do Liceo ou da revista da Casa da Gramática e esa paréceme escasa semente para recoller froito nun mercado que move cantidades tan fabulosas como o da arte. Polo demais, que a mocidade ten unha gran capacidade creativa pódese comprobar ano tras ano no alarde imaxinativo que desprega para participar no rallye Paris-Dakar de cada Entroido.

O mar

Dous bous para a historia: **Santa Eulalia e Santa Rosa**



Xosé Agrelo Hermo

Na tarde do 25 de xullo de 1936 o comité republicano de defensa da Vila de Noia, encabezado polo alcalde Severino Iglesias Siso en colaboración co capitán de carabineiros Francisco Marín Moya, tomou unha decisión heroica que salvaría a vida de moitas persoas fieis ao goberno lexítimo da República: a saída dende Muros cara un porto do Norte non ocupado polos militares sublevados unha semana antes. Por un lado, o telegrafista noiés Generoso García Souto, patriota e home de ben, comunicoulle ao alcalde que tropas

de Santiago, unidas ao alzamento fascista, sairían de Santiago cara Noia ao día seguinte para tomala pola forza, porque das vilas galegas só Tui e Noia se resistiran á ocupación. Por outra banda, esa mesma tarde un hidroavión en voo rasante entrou pola boca da ría procedente de Marín e lanzou tres bombas de escasa potencia, pero de grande efecto psicolóxico, sobre o centro da Vila, das que unha explosionou sen consecuencias na casa de Agra do Tapal, e as outras dúas –unha na porta do ceboleiro e outra no campo da feira– non fixeron explosión e foron tiradas á marea por orde do capitán de carabineiros.

Rapidamente organizouse a evacuación de todos os cargos políticos e sindicais así como das persoas comprometidas coa República que o desexasen. Despois do



O PORTO DE MUROS NOS ANOS TRINTA



XOSÉ VELOSO MAIO, SINDICALISTA DE ESTEIRO (MUROS) E ALCALDE DE MUROS NOS DERRADEIROS DÍAS DA REPÚBLICA.

derrubamento das pontes de San Xusto, Vilachán e Beluso polos mineiros de San Finx para cubrirse a retirada, máis dunha ducia de autobuses e camións cargados de persoal civil e militar saíron á medianoite camiño de Muros, onde os agardaban outros compañeiros de traballo político ou sindical, para embarcaren todos nos dous vapores de pesca que agardaban por eles fondeados no porto muradán listos e arranchados para levar áncoras: o *Santa Eulalia* e o *Santa Rosa*.

Na mañá dese mesmo día, sábado 25 de xullo, os uxe-tistas muradáns Lino Tieles “O Boxeador” e Juan Martínez Vidal “O Rola”, coordinados coa xente de Noia, solicitaran de José Veloso, alcalde interino de Muros, unha orde de requisa dos dous bous recentemente chegados das faenas de pesca, que fixeron efectiva despois de que os capitáns lle asinasen as notificacións. E así os barcos quedaron preparados para saír con rumbo descoñecido.

O vapor *Santa Rosa* era propiedade de Enrique González Rodríguez, armador veciño da Coruña, e o capitán



SEVERINO IGLESIAS SISO, ALCALDE DE NOIA NOS DERRADEIROS DÍAS DA REPÚBLICA.

naquel intre era Joaquín Lariño, quen, con parte da tripulación, patroneou o barco pola forza cara o seu destino. O *Santa Eulalia* pertencía ao armador muradán Antonio Pérez Rodríguez e tiña como capitán a Antonio Gómez Callón, quen conseguiu librarse de subir a bordo, sendo patroneado o barco por un dos escapados, Félix Rogelio Veloso “Boca de Caña”, patrón de cabotaxe de primeira que xa nos anos 20 mandara o balandro da carreira de Vigo “Joaquín Vieta”.

Despois dunha viaxe azarosa e medoñenta, os barcos chegaron o 28 de xullo a Bilbao, onde foron moi ben recibidos polo gobernador civil, o galego Echevarría Novoa, amigo persoal de Severino Iglesias, que lle entregou o libro de actas do Concello noiés. O *Santa Rosa* permaneceu artillado en Bilbao pero o *Santa Eulalia* conseguiu ser rescatado despois de intensas xestións coas autoridades vascas e francesas por medio da aseguradora Lloyd, e entrou en Muros de volta o 4 de outubro de 1937.

Arredor de 80 homes fuxiron a bordo dos dous vapores muradáns: 35 eran carabineiros cos seus mandos, o capitán mallorquín Francisco Marín Moya e os tenentes Policarpo Aragoncillo Merodio (da Pobra), Ricardo Sánchez Ortega (de Muros) e Adolfo Rodríguez Conde (de Noia). En canto ao número de civís hai algunha confusión xa que aparecen declaracións distintas e mesmo contrapostas dalgúns testigos, sen embargo a través da documentación existente nos xulgados e por unha minuciosa investigación do historiador Xerardo Agrafoxo, de onde sacamos estas notas, pódese dar un listado que se aproxime á realidade.

De Noia foron: o alcalde Severino Iglesias Siso e os concellais José Pedreira Burés e Miguel Vázquez Valiño; os cenetistas do Couto José Núñez Amado “Berberecheiro” e Manuel Blanco Sanluis “Pitelos”; o patrón Félix Rogelio Veloso “Boca de Caña”; Francisco Pérez Barbazán “Farruco”; Abelardo López Lousame “Xanfariña”; Manuel Fernández Louro “Trancho”; Manuel Castro Pérez “O Rato”; Eduardo Pérez Martínez “Badanas”; Manuel Pérez Antelo “Marabillas”; Ramón García Fernández “Macoio”; José Cruces Martínez “Pepito”; Germán Martínez Filgueira “Polvorexo”; Samuel Pena Pérez “Penaluia”; Manuel Ribas Tuñas “Ciro-las”; Manuel Romero “Oleiro”; Francisco Pérez García “Corno Torto”; Luis Moares Martinez, José Fuentes Rey, Manuel Tajés e Francisco Fernández Pérez.

De Lousame tamén embarcaron os membros da CNT José Neu Maroñas e José Jesús Nimo Castaño “Jesús de Villardante”; Fermín Maneiro Becerra e Constantino García Rial, que máis tarde serían fusilados na guerra.

De camiño cara Muros, a caravana dos “fuxidos” recolleu en Outes os

cenetistas Adelino Freire Pedrosa, Manuel Ramos e Maximino Martínez Fernández (tamén fusilado despois de ser prisioneiro de guerra). E xa en Muros, uniríanse-lles o alcalde da vila muradá Manuel Tobío Romaní “Marangueiro”; o alcalde interino José Veloso Mayo “Trostki”; os concellais Manuel Mayo “Carballeira”; José Tobío Mayo “Conroa” e Juan Malvárez Baamonde “Canosa”, así como o secretario da CNT Juan Malvárez Pérez “Oiga”.

Máis unha vez, para estes homes o camiño do mar foi unha rota de liberdade, aínda que para algúns durou moi pouco. Incorporados en Bilbao e Asturias ao exército da República, ben en postos burocráticos, ben na fronte de batalla, unha parte deles morreu en combate, outros foron pasados polas armas ao collelos prisioneiros; algúns agocháronse ao rematar a guerra e bastantes foron presos ao voltar á casa, e mesmo houbo quen foi habilitado e soubo cambiar de bando cando xa se vía que a República tiña a guerra perdida e se albiscaba o trunfo do fascismo.

Houbo tamén entre eles quen, despois de salvar a vida e pasar por campos de concentración franceses ou sufrir avatares mil, conseguiron asentarse en países europeos ou americanos, como foi o caso do muradán Juan Malvarez, o noiés Manuel Ribas e o veciño de Lousame José Neu Maroñas, que se avenciñaron en Francia. Á Arxentina conseguiron chegar o alcalde noiés Severino Iglesias Siso, Germán Martínez, Abelardo López “Xanfariña”, Manuel Ramos de Ribasdemar e o mestre esteirán José Tobío Mayo “Conroa”, mentres que o alcalde muradán Manuel Tobío Romaní e o concelleiro noiés Vázquez Valiño recalaban en Uruguai, ao tempo que o mítico patrón “Boca de Caña” establecía a súa residencia en Chile.

Neste tempo no que tanto se fala da recuperación da memoria histórica, os homes, civís e militares, que fixeron aquela viaxe de Muros a Bilbao e que máis tarde foron represaliados e mesmo asasinados por defenderen o goberno lexítimo e a legalidade vixente, ben merecen unha lembranza e unha homenaxe por parte de todos os homes de ben, de todos os demócratas e de toda a xente do mar, ese camiño por onde todo é posíbel, mesmo a utopía da liberdade.

Para saber máis:

AGRAFOXO, Xerardo: “*A guerra civil en Lousame e Noia*” (Triloxía de 1995, 1997 e 1999).



Pedro García Vidal

Xeografía

O revolto negocio do aire

Unha ollada crítica
a unha enerxía non tan “limpa”

Pasado xa un espazo de tempo importante desde aqueles primeiros viraventos instalados na Estaca de Bares (1987), onde a resposta social e mediática ante este tipo de instalacións apenas existiu ou foi moi débil, a polémica arreciou, porén, no treito final do pasado 2004. Xa comezan a escoitarse moitas máis voces críticas coa desfeita territorial e paisaxística que están a producir os parques eólicos emprazados en lugares claramente inaxeitados cun desprezo absoluto cara ao territorio.

A veces o risco é empregado polos poderes económicos de xeito interesado facendo crer ás xentes que hai que ir polas enerxías limpas e que por iso vale todo con tal de instalalas. Non se informa dos problemas paisaxísticos e ambientais que esta enerxía xera, non se fala na necesidade de escoller ben os emprazamentos, non se informa das enormes sumas de diñeiro de subvencións con que contan estas empresas e non se di apenas nada do enorme negocio que está a supor para algúns o aire. Por outra banda, as enerxías coñecidas como suxas apenas descenden a súa produción, dándose o paradoxo de que incluso a incrementan no momento en que máis virandelos se erguen. Cando se fala de limitar as emisións ármase un verdadeiro escándalo e fálase de querer danar a Galicia e de querer eliminar postos de traballo. ¿En que quedamos? ¿promovemos parques eólicos a esgalla para pechar as centrais máis contaminantes de Europa ou facémolos como negocio puro e simple con nula intencionalidade de pechar outras industrias máis contaminantes?

Neste artigo pretendo mostrar, a través fundamentalmente de noticias aparecidas nos xornais nos últimos tempos, unha panorámica do que está a acontecer neste intre, e o que se aveciña nos próximos anos no contradictorio mundo das enerxías alternativas, sobor de todo na eólica, un mundo onde, a pesares do que intentan vender-nos, “non é ouro todo o que reluce”.

A BURBULLA EÓLICA. O PELOTAZO DO NEGOCIO DO AIRE

No mes de Nadal de 2004 os titulares do xornal *La voz de Galicia* encheron de asombro a moitos lectores. O domingo 5 de decembro a portada do devandito xornal, en grandes caracteres e como noticia máis destacada titulaba:

“La especulación desata la reventa de concesiones de parques eólicos gallegos”, completada cos seguintes subtítulos: *“Adjudicatarios ajenos al sector obtienen licencias de la Xunta y las venden a las eléctricas por cantidades millonarias”*. *“Más de 20 permisos han cambiado ya de mano y cada molino alcanza un precio de 1’3 millones de euros”*. *“Industria alega que la presión compradora de Iberdrola favorece el pelletazo”*.

A importancia que a *Voz* daba á noticia poñíase de manifesto ao dedicarlle nada menos que as dúas primeiras páxinas do xornal ilustradas cunha importante profusión gráfica. En esencia, o traballo asinado por Manuel V. Sola, trataba de demostrar o negocio especulativo que se estaba a dar arredor dos parques eólicos. Para iso, comezaba sinalando que máis de 20 parques eólicos con dereitos de potencia duns 800 megavatios (o equivalente a dúas centrais de Meirama) cambiaran de mans nos últimos meses. Fálase de burbulla eólica e sinálase que dita burbulla non deixa de incharse: *“En los últimos cua-*

tro meses se han revendido en Galicia seis parques que sólo existían sobre el papel. Con la concesión de la Consellería de Industria en el bolsillo y sin haber invertido ni un euro, los intermediarios del sector han colocado 300 megavatios que en estos momentos negocian comprador”.

O pelotazo é redondo, asegura o xornalista, pois o único requisito é que a concesión que autoriza a montar un parque estea firmada pola Xunta. O revendedor non ten apenas gastos de ningún tipo salvo o que lle custa tramitar a súa solicitude e obter o permiso na Consellería de Industria: “Los grandes operadores del sector están dispuestos a pagar hasta 1’3 millones de euros (más de 200 millones de pesetas) por cada megavatio de potencia (el equivalente a un molino)”.

A Xunta, sinala o xornalista, recoñece que o modelo de concesións eólicas aplicado en Galicia está xerando tensións especulativas; porén, a Consellería de Industria acusa a algunhas grandes compañías eléctricas de ser as desencadeantes do proceso: “Quién ha provocado todo esto es Iberdrola, ejerciendo una presión compradora que no existía en Galicia”.

Para a maioría dos axentes do sector, seguimos a ler na Voz, “el mayor desencadenante del fenómeno especulativo es el último real decreto aprobado por el Gobierno de Aznar el 12 de marzo de 2004, al día siguiente de los atentados de los trenes y dos días antes de las elecciones. Esa nueva ley anuncia unos 15.000 millones de euros de subvención en la tarifa para la energía eólica hasta el año 2010”.

Neste apoio público atópase a clave da extraordinaria eclosión dos parques eólicos. No ano 2004 as eólicas recibiron máis de 1.000 millóns de euros en subvención recadada das tarifas eléctricas que pagamos todos os consumidores, confirmando o que xa vimos



VIRAVENTOS EN CARNOTA, NUNHA UBICACIÓN DE GRANDE INTERESE PAISAXÍSTICO.

dicindo fai tempo: “O negocio eólico está a encher os petos de catro industriais subvencionados que coas migallas inundan de propaganda uns medios dóciles, publicitando as bondades dunha enerxía limpa que, sen embargo, oculta dicir que non impedirá que as suxas sexan tamén cada vez máis numerosas” (“Matar as cate-drais da natureza”. Alameda nº 6)

En resume, detrás do cambio de mans de máis de 2.000 muíños galegos que se produciu nos últimos cinco anos, está o que Andrés Precado (Voz de Galicia 29-12-2004) define como “escandaloso pelotazo de los parques eólicos”, un fenomenal negocio que incluso vai desviar cartos que antes se dirixían á burbulla inmobiliaria cara ao agora máis substancioso negocio do aire.

OS PARQUES EÓLICOS GALEGOS CONTROLADOS POR CAPITAL FORÁNEO


Outra das graves acusacións á política eólica da Xunta, que tamén aparece nos artigos da Voz de Galicia, é a maioritaria adxudicación dos parques eólicos a empresas foráneas: entre 1995 e 2004, o 90% dos parques galegos foron adxudicados a empresas de fóra de Galicia (Voz de Galicia de 9-12-2004). Vala como comparación que o Goberno vasco, por exemplo, posúe a titularidade do 50% de todos os seus parques eólicos.

Endesa (Cataluña-Madrid), Gamesa (País Vasco), Eurovento (EEUU-Xapón), Abengoa (País Vasco), Acciona (Madrid), Elecnor (País Vasco), ACS (Madrid), Iberdrola (País Vasco), son os nomes que acaparan o negocio do vento na Galicia actual. Todas elas empresas de fóra de Galicia (o 90%). As empresas galegas (Norvento, Eólicos de Touriñán, Engasa, Enviroil, HPG, Fergo Galicia, etc) supoñen só o 5%.

Vendedor	Comprador	Importe (mill. €)	Megavatios revendidos	Año
Abengoa	Nuon	96,16	283	2001
Gamesa	Iberdrola	1.100	1.100	2002-2004
EHN	Acciona	773	600	2004
Banco de Sabadell	Gas Natural	33	25	2004
Enviroil*	Calsonova	Embargo	45	2004
Roka (Grecia)	Iberdrola (49%)	85	294	2004-2009
Gamesa*	Enel-Fenosa	9	7	2004
HGP*	Iberdrola	75	110	2004
Unión Fenosa*	Enel	168	134	2004

* Operaciones que incluyen la venta de parques eólicos gallegos

REVENTA PARQUES. VOZ DE GALICIA 5-12-04



AS CONCESIÓN EÓLICAS. VOZ DE GALICIA 8-12-04

O xornal *A Nosa Terra*, no seu nº 1.157, do 30 de decembro de 2004 ao 5 de xaneiro de 2005, co fondo dunha grande fotografía de aeroxeradores, titulaba en portada como nova máis destacada: **“Os parques eólicos controlados por capital foráneo”**. Tamén neste xornal de periodicidade semanal, o negocio do vento vai acaparar a actualidade informativa. Nas dúas primeiras páxinas firmadas por H. Vixande, sinálase como a produción eólica está en mans alleas a Galicia, como a tecnoloxía non é propia, e como esta enerxía só contribúe co 11% da xeración eléctrica e o 2% da produción de enerxía. Ademais, aclárase, non constitúe unha alternativa ás outras fontes de produción; só é un complemento.

Como sinala *A Nosa Terra*, dado que a decreto de autorización establecía que as empresas deberían mercar

en Galicia todo o que puidesen, o resultado foi que aquí se fabrican palas, torres, góndolas para albergar os xeradores e multiplicadores de engranaxes: *“Non embargantes, toda a tecnoloxía é de fóra, na Galizaponse unicamente a man de obra”*.

O QUE SE AVECÍÑA. A XUNTA ANUNCIA UN XIRO NA POLÍTICA EÓLICA

Con data 8 de decembro de 2004, a *Voz de Galicia* –agora nas páxinas interiores, na sección de Economía– titula: **“La Xunta anuncia un nuevo plan eólico que evite la especulación”**, e subtítula: *“Industria asegura que no volverá a adjudicar parques a firmas sin experiencia”*. *“La Administración autonómica recibe denuncias de los principales inversores eléctricos”*.

No desenrolo da noticia fálese dun xiro na política eólica por parte da Xunta dirixido a corrixir erros. Agora vai pretendese: evitar a especulación, apoiar aos grupos eólicos de capital galego e limitar a ocupación dos montes. O novo plan eólico esixirá capital galego para cada nova concesión, acreditar experiencia no sector e favorecer a creación dunha industria eólica propia en Galicia.

Este proxecto, informa o xornalista, apóiase: *“en la posibilidad de que Galicia conceda otros 2.500 megavatios de molinos (el equivalente a 50 parques) y en las nuevas subvenciones para las eólicas del Gobierno central”*. De aquí a 2010 a Xunta conta dobrar a produción eléctrica por xeración eólica. Para esas datas prevese que sexan 4.000 os megavatios instalados, contra os 1.800 existentes na actualidade. As subvencións a estas enerxías limpas recibirán nos próximos sete anos 30.000 millóns de euros (cinco billóns de pesetas) da tarifa eléctrica, e a súa retribución pasará do 17 ao 28% do prezo da factura.

Galicia va a cuadruplicar los montes ocupados y a sextuplicar el negocio eólico

■ Cada vuelta de un molino de viento son dos pesetas para la caja de su propietario. Es decir, la electricidad más cara del mercado (la eólica) generará unas ventas este año de 200 millones de euros. Es sólo el principio. En cinco años, las empresas eólicas instaladas en Galicia facturarán casi 1.000 millones de euros, seis veces más que en el 2003. El beneficio neto esperado por el sector es de entre 300 y 500 millones de euros, una rentabilidad difícil de hallar en otro negocio.

Para ello Galicia pasará de 3.000 a 12.000 aerogeneradores y, muy probablemente, a 20.000 molinos instalados en el 2010. Las eólicas ya tienen concesiones para ocupar más de 50 millones de metros cuadrados de montes en Galicia, cuatro veces más que en la actualidad y el doble de lo que ocupan todos los polígonos industriales gallegos juntos.

La eclosión del negocio se basa en el apoyo público a las energías limpias y en el cumplimiento del protocolo de Kioto. Las eólicas recibieron este año más de 1.000 millones de euros en subvención recaudada de las tarifas eléctricas de todos los españoles.

NOTICIA. VOZ DE GALICIA 5-12-04



ENERXÍA VERDE. VOZ DE GALICIA 10-11-03

Os parques eólicos hoxe en funcionamento ou en construción dispoñen duns 3.000 muíños e ocupan uns 15 millóns de metros cadrados. No futuro, contando os parques xa adxudicados, os metros cadrados ocupados serán tres veces máis: 50 millóns, ou sexa, como informa a *Voz de Galicia*, “dos veces máis que todo el suelo industrial de Galicia”. Se a isto lle engadimos a instalación de “molinillos” concedidos pola Xunta a concellos, empresas e particulares, Galicia pasará de 3.000 a 11.000 aerogeneradores, co que o impacto sobre a paisaxe rural será enorme.

Os novos parques, que pretenden dar satisfacción agora aos pequenos empresarios galegos, aínda que serán de reducidas dimensións e contribuirán moi pouco á xeración eléctrica, porén o que si van provocar vai ser un grande dano ambiental. Copados os lugares con máis potencial por empresas de fóra, para as compañías galegas só cabe abrir pequenos parques “que non supoñen unha contribución real á xeración enerxética no país. Entroques, significan rematar de estragar paraxes naturais moi relevantes” (A Nosa Terra).

Como para algúns expertos de enerxía a capacidade para a localización de novos parques terrestres en Galicia chegou xa ao límite, vai ser agora o mar, como xa sucedeu antes no mediterráneo, o que se contemple como lugar axeitado para a instalación de parques. Así, as primeiras novas sobre este tipo de instalacións marítimas comezan a aparecer:

“**Dos empresas eligen Carnota para ubicar parques eólicos marítimos**”. “Norvento y Punta de Lens han iniciado los trámites para colocar aerogeneradores”. “El Concello y la Cofradía de Lira se han posicionado en contra” (Voz de Galicia 29-12-04).

“**Lago Vidal pide tiempo para analizar el proyecto del parque eólico marino**”. “El patrón mayor de Muros solicita a Costas que prolongue el período de alegacio-

Una nueva absorción eólica cambia la propiedad de 11 parques gallegos

27/01/2005 | Economía

La operación la dirige Juan Luis Arregui, accionista de la planta de cogeneración de Sogama

Cesa firmará su fusión con Terranova Energy y se queda el 50% de Eurovento

NOVAS FUSIÓNS. VOZ DE GALICIA 27-01-05

Sin luz en un lugar excedentario

Crónica | La gran paradoja

Buena parte de los ciudadanos de las áreas rurales de la comarca barbanzana sufren de forma reiterada cortes de luz, mientras sobra energía eléctrica.

(Ana Varela | ribeira)

Resulta curioso que mientras la comarca produce energía como para satisfacer las necesidades de sus habitantes y de sus empresas, siempre que el número de días de viento al año no disminuya, los residentes, especialmente los que viven en áreas rurales, continúan sufriendo deficiencias en el suministro eléctrico.

Es cierto que las compañías dedicadas a la distribución de energía eólica no son ni directa ni indirectamente responsables de las carencias del servicio, pero no deja de ser paradójico que la zona se haya situado a la cabeza de Europa en el aprovechamiento de energías renovables y todavía conserve transformadores de mediados del siglo pasado, incapaces de satisfacer las necesidades de una población que también se ha modernizado, al menos en algunos aspectos.

Reclamación

El caso más paradigmático es el de Mazaricos. En este territorio se produce la mayor parte de la energía eólica que genera la zona, están instalados los molinos más potentes y, sin embargo, ayer, sin ir más lejos, parte de sus ciudadanos sufrieron varios cortes de luz intermitentes. Es verdad que duraron sólo unos segundos, pero ocasionaron el mismo trastorno.

Desde hace tiempo, tanto mazaricanos como muradanos reclaman un mejor servicio. Las instalaciones de suministro se han quedado obsoletas y no se han adecuado al incremento de la población ni al aumento del consumo por parte de los vecinos.

PARADOXO. VOZ DE GALICIA 13-01-05

nes". "El colectivo de artes varias considera que las instalaciones perjudicarán al sector pesquero". (Voz de Galicia 4-1-05).

De momento Pedra A Roncosa, fronte aos concellos de Carnota e Muros, e Punta de Lens e Baixos de Meixide, preto do Concello de Muros, están xa no punto de mira dos empresarios do aire.

CANIBALISMO TERRITORIAL

Cando falamos do impacto dos parques eólicos, dependendo de quen dea a súa opinión, o resultado sería

unha tremenda agresión á paisaxe ou un grande paso cara á enerxía limpa e á independencia enerxética. Porén, penso, o debate debería centrarse, ante todo, sobre se debían construírse alí onde se fixeron ou ben onde deberían erixirse as centrais eólicas en caso de facelo.

Calquera persoa está de acordo coa necesidade de instalar parques eólicos, por consideralos unha enerxía segura, apenas contaminante e unha alternativa necesaria ás plantas enerxéticas de combustible fósil. Pero hai quen cuestiona os emprazamentos elixidos pois, ao marxe do seu impacto medioambiental, a súa presenza nunha paisaxe especialmente atractiva e virxe, constitúe un elemento claramente perturbador.

Poñamos un exemplo. Pensemos na ría de Muros-Noia que nos é tan próxima. ¿Era o pico do Tremuzo o lugar máis axeitado para emprazar un parque de viraventos? ¿Era imprescindible facelo no cume máis senlleiro do bordo norte da ría de Muros-Noia? ¿Non había na extensión dos montes de Outes un lugar máis axeitado desde o punto de vista paisaxístico ambiental aínda que fora un pouco menos rendible desde o punto de vista económico?

O caso do Tremuzo, do que escribía con tristura nas páxinas desta revista Alameda ("Matar as catedrais da natureza". Alameda nº 6), constitúe un caso paradigmático do que nunca deba facerse : elíxese o cume máis senlleiro do bordo norte da ría, un elemento simbólico, o fito referencial básico na xeografía mental dos habitantes da ría de Muros-Noia e un balcón insuperable a contemplar a dilatada historia da ría toda, para enchelo de "molinillos" de ferro. A desfeita desta catedral xeolóxica pon claramente de manifesto como *o negocio do ar* non sabe de xeografías da alma e como os *industriais do vento* e aqueles que autorizaron colonizar o

simbólico monte con torres de ferro para a obtención de enerxía eléctrica, carecen da máis mínima sensibilidade territorial. O monte de tres picos xa nunca volverá a ser o mesmo; matouse unha paisaxe singular e única soamente para encher os petos de catro *industrias subvencionados* e mellorar os resultados económicos do concello onde se instalan e de algúns particulares.

Pouco a pouco matan os nosos máis emblemáticos cumes, as *farmacias do espírito* como as denomina o naturalista Joaquín Araujo, consumando o asasinato dunhas paisaxes espectaculares, aínda que maiormente descoñecidas. É o signo dos tempos: as nosas mellores paisaxes montesías, antes cubertas de árbores e verde, repoboadas agora con máquinas de encher petos de xente allea, están a ser paseniño pero inexorablemente colonizadas por un exército de “molinillos” a rapinar estes escasos remansos de tranquilidade e fermosura, verdadeiras reservas para as emocións. Porén, e como eu mesmo afirmaba nun escrito de 4 de xullo de 2002 na *Voz de Galicia*, “*este feísmo é positivamente publicitado e apenas se fala del; é máis, tenta venderse, a través de unha manipulada realidade, nada menos que como un elemento embelecador da paisaxe!, un novo atractivo turístico!*”.

Agora, logo de múltiples agresións, no documento de avance das directrices de ordenación do territorio, a Xunta recoñece o grande impacto que os xeneradores eólicos ocasionan na paisaxe: “*La Xunta asume que la proliferación de parques eólicos deteriora el paisaje*” (*Voz de Galicia*, 19-12-04). Detrás deste recoñecemento explícito, o que queda claro é a ineficiencia dos estudos de impacto ambiental. Se todos os parques realizados ata o de agora precisaron de estudos de impacto, e se pensamos que o principal impacto deste tipo de instalacións é fundamentalmente aquel que ten que ver coa paisaxe, só cabe pensar

que ditos informes estaban mal feitos, que non se lles fixo caso, ou que non serviron para nada. Os informes de impacto –como demostran casos abondo– fanse a medida da empresa solicitante que é quen o paga, por iso soen ser claramente favorables.

¿CAL É O RESULTADO DE DEZ ANOS DE POLÍTICA EÓLICA DA XUNTA?

Logo do visto e lido, xulgar a política eólica seguida en Galicia neste último decenio dá como resultado un complexo contraste de luces e sombras, onde a escuridade cobre un maior espazo que a luz. Como parte correspondente á luz sinalaremos a conversión de Galicia na primeira potencia eólica de España e terceira de Europa pola presenza aquí dos catro maiores operadores mundiais da industria do vento. No escuro: o control foráneo dos parques eólicos, a inexistencia de tecnoloxía galega, o non retorno económico nas concesións públicas, e un escandaloso pelotazo consentido no económico. No terreo ambiental: un deterioro paisaxístico brutal, e un canibalismo territorial sobor de todo nas proximidades da costa co incumprimento xeralizado de estudos de impacto axeitados.

No debate político, a presenza no Parlamento Galego, a petición propia, do conselleiro de Innovación, Juan Rodríguez Yuste, para falar da problemática do sector eólico, era reflectida polo xornal *La Voz de Galicia* do 24-12-04 co seguinte titular: “*El PSOE acusa a la Xunta de tráfico de influencias en el sector eólico*”. O xornal daba conta da intervención de Natividad González Laso, deputada do PS de G, sinalando que foi especialmente dura coa Xunta, á que acusou de fomentar o tráfico de influencias e “*de permitir engordar una bolsa*



O TREMUZO VIOLADO



VOZ DE GALICIA 19-12-04

de intermediarios ilícitos que comercian con los parques eólicos”. A deputada lamentou que se estea aplicando un sistema caciquil “*dirixido por ex directivos do Goberno galego*” e expertos en concesións públicas. Incluso chegou a dicir que “*moitas destas persoas rexistraron beneficios suculentos nas súas contas persoais*”.

O conselleiro de Innovación, Juan Rodríguez Yuste, asegurou, pola contra, que o marco normativo do sector eólico está “*totalmente en vigor*” e non necesita ningunha modificación. O responsable da política industrial galega defendeu a regulación impulsada pola Administración galega, que cualificou de modélica, e negou que a normativa estea fomentando a especulación.

En Galicia, polo tanto, lonxe de reaccionar e encauzar o tema, continuaremos proxectando –baixo o verniz ecolóxico da limpeza das enerxías– a creación de máis parques eólicos. Incluso, crearemos parques marítimos, que engadirán –se ninguén o remedia– ao impacto sobre as paisaxes montesías, a profanación da derradeira estampa virxe que nos queda: o horizonte marítimo.

Pero, tanto a Xunta como os empresarios do sector son conscientes que a paz social existente ata o de agora, con apenas voces discordantes, pode romperse. Por iso, nos próximos tempos e ante a masiva colonización de viraventos do territorio, asistiremos a unha máis intensa campaña de propaganda enchida de gabanzas cara este tipo de enerxías. Pero rematou o tempo de comulgar con rodas de muíño. O espellismo das enerxías renovables como solución a todos os males, semella comezar a esvaecer. Conseguir producir unha potencia equivalente á dunha central eléctrica convencional (hidráulica, térmica, nuclear), supón aínda no momento actual, cun rendemento en aumento dos mesmos, a colocación dun número enorme de aerogeneradores. Por iso, o espazo que precisan é moi grande. Pero, ademais, a produción de enerxía está a mercede dos ventos e xa sabemos a aleatoriedade deste elemento. Por iso, na decidida posición en favor das enerxías limpas, é preciso igualmente aclarar que ese debe ser un apoio crítico. Unha aposta por ese tipo de enerxía nun país excedentario da mesma, debe verse compensada por rigorosos estudos de impacto paisaxístico ambiental á hora de decidir a súa instalación



FÁBRICA A CAMBIO DE NOVOS PARQUES EÓLICOS.

axeitada. Igualmente, o incremento de enerxías limpas debe ir acompañada pola progresiva desaparición daquelas máis suxas e contaminantes. É preciso incidir neste aspecto, pois comeza a dar a impresión de que detrás dun apoio político-mediático cara á enerxía eólica e a gabanza, única e exclusivamente das súas bondades, estase a esquecer, con frecuencia, dirixir na mesma ou superior medida os focos cara aquelas enerxías altamente contaminantes que están a matar Galicia lentamente, esixíndolles o cumprimento dos acordos dirixidos a que reduzan drasticamente as súas emisións. Non vaia pasar que, cando teñamos o territorio inzado de “molinillos” por todas partes, as empresas eléctricas nos sorprendan calquera mañá para espertarnos dun soño, con que a única solución aos problemas enerxéticos provocados polo cumprimento dos acordos de Kioto en canto a reducir as emisións contaminantes ou pola suba e escaseza do petróleo, a solución pasa pola autorización da construción de novas centrais nucleares, pois os virandelos están ben pero son só unha solución parcial, un pequeno complemento que non soluciona apenas nada. ¡Todo é posible!

Pince/adas sanitarias

Osteoporose



Víctor Vez Vilar

A OSTEOPOROSE, podemos definila como unha perda da masa ósea.

Isto ten como consecuencia que o óso vólvese fráxil e poroso, polo que o risco de fracturas é grande.

O CRECEMENTO DOS ÓSOS

O organismo humano está formado aproximadamente por uns 206 ósos que á súa vez constan dunha capa externa de tecido óseo moi duro (capa cortical) e unha parte interior de tecido esponxoso formado por un gran número de ocos.

Cando aparece a osteoporose a capa cortical adelgaza e os ocos do tecido esponxoso son máis grandes.



O noso organismo está en constante evolución, creando e destruindo células.

No respectivo aos ósos, estes están asemade en continua formación de “masa ósea” até a idade adulta.



CANTOS MÁIS ANOS GAÑAS, MÁIS CALCIO PERDES.

Até os 18 ou 20 anos os ósos están en permanente aumento de densidade e lonxitude; de aquí e até os 30 ou 35 anos, seguen desenvolvéndose interiormente (inda que xa non crezan en lonxitude) e é nesta época, cando alcanzan o máximo de masa ósea.

A partir dos 40 anos, comeza unha destrución lenta e fisiolóxica da masa ósea.

Como é lóxico deducir do dito anteriormente, é de gran importancia lograr un correcto desenvolvemento



A ADOLESCENCIA É
UN PERÍODO DE
GRANDE
CRECEMENTO
ESQUELÉTICO
DURANTE O CAL SE
ADQUIRE CASE A
METADE DA MASA
ÓSEA.

óseo nos anos no que este está en formación, para evitar problemas na idade adulta e, sobre todo, na vellez.

O calcio é un mineral que axuda á formación dos ósos e os dentes. O corpo empréga formación da masa ósea.

Se o corpo elimina máis calcio do que adquire, os ósos debilitaranse, correndo máis risco de fracturas.

Vemos pois como, en definitiva, unha alimentación rica en calcio (sobre todo na infancia e na adolescencia) é imprescindible para ter uns ósos sans.


A meirande parte do calcio que se precisa para esa boa saúde da masa ósea debe adquirirse antes dos 17 anos.

A alimentación equilibrada (rica en minerais, sobre todo calcio) factores endócrinos, a radiación solar (como subministradora de pro vitamina D) e o exercicio físico, son os factores favorecedores da formación adecuada da estrutura esquelética.

Logo, máis adiante, como queda dito, os ósos van progresivamente perdendo masa ósea, pero canto máis calcio haxa acumulado nos ósos menor será o risco de que estes se volvan propensos a fracturarse.

¿ONDE ATOPAMOS O CALCIO?

O leite e os produtos lácteos tales como queixo, iogur, etc., son boas fontes de calcio.



Tamén proporcionan calcio os vexetais verdes.

Así mesmo é interesante para o desenrolo de ósos fortes o fósforo, o magnesio e a vitamina D, que están presentes en moitos dos alimentos que nunca deben faltar nunha alimentación sa e COMPLETA.

O exercicio físico practicado de forma regular e os raios solares son outros factores que inflúen de forma positiva na formación da masa ósea.

CAUSAS DA APARICIÓN DA OSTEOPOROSE

A osteoporose é o tipo máis común de enfermidade ósea.



A osteoporose preséntase cando o organismo non é capaz de formar suficiente óso novo ou cando gran cantidade do óso antigo é reabsorbida polo corpo ou en ámbolos dous casos.

Como xa vimos, a medida que as persoas envellecen, o tecido óseo vólvese máis débil, o que pode provocar que os ósos ao ser mais fráxiles e quebradizos estean mais expostos a fracturas, incluso en ausencia de traumatismos.

Polo xeral, a perda ocorre de maneira gradual ao longo dos anos e, moitas veces, a persoa sufrirá unha fractura antes de darse conta da presenza da enfermidade. Cando isto ocorre, a enfermidade xa se encontra nun estado avanzado e o dano é profundo.

As causas principais son a diminución dos niveles de estróxenos nas mulleres no momento da menopausa e a diminución da testosterona nos homes. As mulleres, en especial maiores de 50 anos, sofren de osteoporose mais frecuentemente cós homes.

Outras causas son o exceso de corticosteroides (Síndrome de Cushing), hipertiroidismo, estar encamado e os cancros de óso.

Así pois, os factores influentes na aparición desta patoloxía serían: **Os Tóxicos**: café, tabaco, alcol; **Inactividade física** (Sedentarismo); **Dieta inadecuada** (pobre en calcio, pobre en vitamina D, rica en sodio e hiperproteica (ollos ás dietas dissociadas para producir adelgazamentos rápidos); **certos fármacos** (Corticoides, antiácidos, etc.); **algunhas enfermidades** (Intole-

rancia á lactosa, malabsorción, etc.)
outros (factores xenéticos, sexo feminino, menopausa precoz, etc.).

CONSECUENCIAS DA OSTEOPOROSE

A consecuencia máis inmediata da osteoporose, son as fracturas óseas.



Como queira que esta enfermidade avanza silenciosamente incluso ao longo de anos, poden producirse fracturas, mesmo dunha forma espontánea, sendo este o primeiro signo de alerta para establecer o diagnóstico.

As fracturas poden aparecer en calquera punto do esqueleto, pero as localizacións máis frecuentes son as vertebbras, o colo de fémur (o que vulgarmente se coñece como “fractura de cadera”) que é máis frecuente e grave a certas idades. Xa menos frecuentes son as fracturas no pulso e úmero (o óso longo do brazo).


Referente ao diagnóstico hoxe contamos cunha proba de gran axuda: a **desidometría ósea**, que é unha proba moi sinxela, non agresiva e sen riscos que vai orientar ao Médico do grao de mineralización do óso.

PREVENCIÓN

A prevención aséntase sobre tres puntos básicos:

- **Dieta**
- **Exercicio físico**
- **Estilo de vida.**

Sobre a dieta, debemos insistir na importancia do equilibrio da mesma (comer de todo en cantidades moderadas) poñer especial coidado na presenza de alimentos ricos en calcio (sobre todo na infancia e adolescencia).



Exercicio físico de forma regular e adecuado á idade e condición da cada persoa.

Estilo de vida.- Evita-los tóxicos, controla-lo peso, e utilizar de forma racional a exposición aos raios solares.

RESUMO

A osteoporose é unha enfermidade orixinada por unha perda da masa ósea. Pola que os ósos se volven fráxiles, co correspondente risco de fracturas.



A aparición desta enfermidade débese tanto a unha deficiente alimentación en minerais (sobre todo calcio) na idade infanto/xuvenil como a outros factores.

Os estróxenos femininos podemos dicir que frean, en certa medida, a aparición desta enfermidade, polo que esta é máis frecuente en mulleres menopáusicas.

A prevención xoga un papel importante, polo que non deben descoidarse as medidas ás que se fixo referencia anteriormente.

O Couto de San Martiño de Corenza no tempo

Freguesía de Santa María de Roo e San Xusto, Concello de Noia

Manuel Ces Canle

No anterior artigo, fixen un curto resumo citando datas nas cales deron comezo os primeiros pasos para a organización do Plan fiscal Español, co fin de recuperar a ruínosa situación da Facenda Pública, a cal recibía unha mínima parte dos impostos que pagaban os cidadáns, xa que estes ían a engrosar as arcas do clero, dos señores feudais e nobreza. Por aqueles intres a Facenda Pública tiña un total descoñecemento sobre a riqueza nacional, incluso da superficie territorial, así como da superficie de terra dedicada a cultivo e a monte, para este coñecemento –fundamental para o reparto das cargas fiscais– o goberno vese na necesidade de artellar un plan “minucioso” para recoller toda a información sobre a riqueza existente no país, e en mans de quen estaba esta riqueza, tal como figura no Catastro de Ensenada –1750/1760–. O Catastro de Ensenada pódese considerar que foi un traballo de campo, consistente en recorrer parroquia tras parroquia..., facendo un Interrogatorio, cunha serie de preguntas predispostas de ante man, declarando os cidadáns a esta serie de preguntas, formuladas por unha comisión, formada polo/s crego/s da parroquia, escribáns, peritos e veciños do lugar, como coñecedores das calidades das terras en cuestión e ó mesmo tempo como verificadores das respostas dos veciños. Como nos podemos imaxinar esta verificación era relativa, principalmente ó que se refire a cualidades das terras, xa que a terra que figura como de primeira calidade é mínima, polo menos na freguesía de santa María de Roo. De todas formas o Catastro de Ensenada, foi un traballo admirable, que aínda hoxe nos sorprende.

Os paisanos declaraban os seus bens, ben como donos directos –propietarios–, ben como donos do útil –foreiros–. Nas declaracións figuran as superficies das casas, alpendres, muíños, terreos, así como

o tipo de cultivos. Sobre a declaración dos animais, quedaban exentos as galináceas. Figurando se os animais eran en propiedade ou en parceria, e como último declaraban as obrigas coa igrexa, en concepto de dezmos, oblatas..., así como as rendas que pagaban os aforadores.

Realmente os nosos antepasados sempre estiveron baixo un plan fiscalizador, o que sucedía, como dixen ó principio, era que só unha mínima parte deses impostos ían a engrosar as arcas públicas, pola sinxela razón de que a propiedade de reguengo –terras do rei– na nosa querida terra era mínima, xa que a maior parte, como veremos máis adiante, estaba en mans de eclesiásticos, feudais e nobreza.

Dixen ó final do anterior artigo que no próximo escrito –que vén sendo este– faría unha transcripción do Interrogatorio –Catastro de Ensenada– dos bens pertencentes ó couto de San Martiño de Corenza –concello de Noia–, situado á beira do río Tambre. O enclave deste couto é un privilexio da natureza, ben pola fraga que discorre ó longo do río, onde aínda se poden ver os vestixios das pesqueiras de lampreas, nas rochas espalladas no leito do río, nestas rochas foron labrados os encaixes onde se amarraban os compoñentes das pesqueiras, coñecidas

tamén como rodeiros e canles –o sistema de pesqueiras neste río é tan ancestral que eu diría que é único en toda Galicia, xa que se trataba dun sistema onde a intervención do home na captura destes ciclóstomos era mínima, por non dicir inexistente, efectuándose desa forma unha selección natural, onde só as máis fortes lograban o seu cometido de reprodución–, que xusto se encontraban dentro dos límites deste couto. Se o entorno do río é unha beleza, as aldeíñas emprazadas nestas terras non son menos. Pero a mellor definición que podo facer deste couto é aconsellar que se visite, tanto as aldeíñas, como a que foi ruta dos lampreeiros, unha ruta que foi vixiada polos monxes do mosteiro de Corenza e posteriormente polos monxes de Toxos Outos –na actualidade é ruta de sendeirismo–, que discorre desde a central eléctrica ata o embalse. A fotografía –aunque non sexa en cor– móstranos a beleza do entorno onde estaba emprazado o mosteiro deste couto.

Antes de dar a coñecer os datos que figuran no Interrogatorio, sobre a riqueza existente neste couto, será bo recordan parte do seu pasado histórico. Xa que a este couto, pasoulle o que lle pasou a moitos coutos de Galicia, que co paso do tempo foron quedando no esquecemento, como foi este caso, do cal pouca documentación existe que recolla o seu pasado. Aínda sendo estas terras orixe de liortas, entre as ordes relixiosas máis poderosas da terra compostelá, entre elas a propia mitra Compostelá, San Martiño Pinario e Toxos Outos. O motivo das liortas, non era nin máis nin menos que a cobiza polo dominio sobre a pesca neste tramo do río, onde, como dixen, estaban as pesqueiras de lampreas, pero tamén se pescaban reos, salmóns e por suposto troitas. E se temos en conta que a alimentación básica dos monxes estaba en comer peixe, enténdese o interese do clero e dos monxes polo dominio deste tramo do río, xa que as lampreas non só eran prato de temporada; a diferenza do que hoxe é costume, a lamprea antes era prato practicamente de todo ano, semellante ó bacallao, xa que a lamprea secábase para o seu posterior consumo. Máis adiante veremos que na maioría dos contratos de aforamento de pesqueiras, figura o pago dunha cantidade mínima de lampreas frescas e a maior parte en lampreas secas.



A pouca historia escrita deste couto figura nos contratos de foro, destes aínda se conservan boa parte deles nos arquivos –Arquivo Histórico Diocesano e Arquivo Histórico Universitario, Santiago–. A outra parte da historia deste couto estaba recollida na historia oral, que se foi transmitindo durante séculos, a historia oral, ese coñecemento sabio, que principalmente no medio rural se veu transmitindo de xeración en xeración, á calor do lume na lareira, agora vemos como se vai perdendo aquel coñecemento ancestral, que na maioría dos casos fica no esquecemento. Sentiríame satisfeito se estes artigos nos cales vou expoñer o pasado histórico, tanto escrito como verbal que eu coñezo deste couto, sirvan para que San Martiño de Corenza non fique no esquecemento, principalmente pola xente que vive nas terras que formaron este couto –Nimo, Vilar-dante e Vilafaveiro–, e outras aldeas limítrofes. Cando un descoñece o pasado do seu lugar é como se non coñecera a súa entidade. De aí que antes de continuar coa historia deste couto, debamos recordar algúns aspectos cotiáns que se viviron na Galicia de “onte”.

O mellor será comezar por dar unha pequena descrición do que se entende por couto: a grandes liñas, un Couto é unha superficie de terreo relativamente pequeno, na maioría dos casos delimitado por causes naturais, ríos, vales.... Habitados por un numero reducido de persoas, agrupadas en pequenas aldeas. Poucos coutos eran os que superaban as tres aldeas, os integrantes destas aldeas eran considerados como vasalos, libres ou inxenuos. Neste caso os moradores deste couto, nun principio dependeron do mosteiro emprazado no mesmo lugar. A existencia de mosteiros nos coutos foi habitual, en parte foron o súa orixe, xunto coa igrexa e os señores feudais.

Un primo irmán –por facer unha similitude– dos coutos foron as xurisdiccións, en mans de eclesiásticos e feudais. Galicia estivo tan salpicada de xurisdiccións, que hoxe en día fáisenos difícil crer que existisen. Para darnos unha idea de como estivo dividido o territorio en Galicia, non hai máis que retroceder un pouco no tempo, unha boa data é a relativamente recente do 1 de xuño de 1811, coa testemuña do discurso do deputado ferrolán Alonso de López, nas Cortes de Cádiz, quen na súa intervención fai mención ó alleamento do patrimonio real, o cal alcanzara en Galicia a cota máis alta de toda España (*Es sobre la paciente y laboriosa Galicia en*

donde cargaron más las arbitrariedades de estas enajenaciones que tanto pesan sobre su labranza y su industria fabril: de los 3.755 estados de señorío que componen aquel Reino hay solamente 300 que sean realengos de la corona, y los 3.455 restantes son pertenecientes a seculares, eclesiásticos y órdenes de caballería..., sin dilación del suelo español y de la vista de público el feudalismo visible de horcas, argollas y otros signos tiránicos e insultantes a la humanidad, que tiene erigido el sistema de dominio feudal en muchos pueblos de la península, particularmente en los del Reino de Galicia, porque desde la instauración de Vuestra Magestad no debe ser respetada sino una misma ley, ni tampoco temida más que una justicia, pues que repugna a la dignidad y grandeza del hombre la existencia de vasallajes instituido en favor de los que son vasallos o súbditos de Vuestra Magestad y el que existen imperio parciales ingerido en el imperio nacional).

Moi parello ó poderío de señorío foi o poder exercido pola Igrexa, a cal nas cinco diócesis tiña espalladas 3.867 parroquias, por toda Galicia, superior ás xurisdiccións en 112 parroquias: 3.455 espalladas no medio rural. As parroquias tiveron dúas funcións principais: introducir a fe católica e recadar impostos, isto non quere dicir que non debamos recoñecer o labor social exercido pola igrexa. Pero, todo hai que dicilo, na igrexa tamén houbo xente que loitou en contra do poder avasallador, no logro dunha vida máis xusta, tal foi o caso do clérigo galego don Juan Antonio Posse.


Juan Antonio Posse nace na xurisdicción de Vimianzo, polo ano 1766, fillo dunha familia labrega, máis ou menos acomodada, tiña un tío cura que exercía como párroco

en terras Leonesas, a onde Posse vai para cursar estudos de teoloxía, baixo a tutela do seu tío, o que lle causou máis dun dor de cabeza. Posse nos seus tempos de estudante e posteriormente como cura en León, foi un cura que se rebelou contra o sistema político, incluso contra o sistema eclesiástico. Foi un anti-napoleísta, motivo para que máis dunha vez fose perseguido polas tropas francesas, incluso repudiado por dirixentes, que non vían con agrado o seu comportamento, e menos cando este escribe o discurso de novembro de 1812 en defensa da Constitución gaditana; esta é a impactante declaración que fai no discurso «Punto 14. Pero en donde se ven reunidos los horrores de feudalismo es en Galicia, toda ella esclava de duques, condes, monasterios, mitras, cabildos, conventos, iglesias, abades, priores, &c. ¿Quién podrá referir las usurpaciones, las injusticias, las preferencias con que apesadan el yugo de la esclavitud sobre aquellos infelices?. La propiedad de los pueblos de Galicia todo, es de corporaciones y familias privilegiadas, y los brazos y la sangre, las vidas y la existencia de los demás hombres les pertenece como de derecho. Toda ella se vé arrastrada á los pies de algunos individuos. Despues de los diezmos, las primicias, las oblatas, las contribuciones de la nación y las rentas, que en ninguna parte son menos de dos por uno, deben ir a la pesca, á la caza, á las monterías : respetar á los señores y sus animales : contribuir con la luctuosas y otras cargas injustas, sin recibir de los señores más consuelo que llenarles de curas, cortejantes o lacayos, pajes ó sacristanes y otros sugetos no menos viles é indignos, habituados á la esclavitud, á las baxezas y á ser los ministros de los placeres de estos

reyezuelos, que se consumen y vegetan en la voluptuosidad y en el fausto. Cualquiera que tenga sentimientos de humanidad, debe enternecerse á la vista del triste espectáculo que ofrecen los aldeanos de Galicia. Vestidos de un burdél grosero, descalzos de pie y pierna, despues de remar todo un dia sin mas aliento que un poco de pan de maiz y agua caliente, se van á guarecer con los animales, aun los mas inmundos y á ser pasto de los insectos. Son dueños estos señores de prender, multar, castigar y hasta del pud...perdonadme, señores, en mi indignacion:son dueños hasta del pudor de las mujeres. Conozco un pueblo, cuyo terreno será como de media legua en toda su circunferencia: y después de las cargas referidas mantiene un mayorrazgo, un convento de monjas y otras y otras pensiones considerables en dinero, aves, &c., que contribuye por razon de foros, exâmen de doctrina, sacramentos letanías, patronos, Santísimo, &c. Las justicias nombradas por los señores resolvían todos los pleitos a su favor, sin tener el triste remedio de la apelación, reducidos á tanta pobreza. Tales son los efectos del gobierno de los señoríos;si se puede dar el nombre de gobierno á una política monstruosa, destructiva de todo orden y contraria á las nociones mas simples de la sociedad. ¡Feliz Galicia, si desnudándose del respeto casi maquinal con que se humilla á los caprichos de sus señores, declara á estos tiranos una guerra no menos implacable que la que sostiene con tanta gloria contra el común devastador de la tierra (Napoleón), y coadyuva con los nobles sentimientos de nuestros representantes, que se esmeran por libertarla de estos enemigos domésticos!

Podíamos seguir con esta transcripción do discurso tan elocuente, de J. A. Posse (Memorias del cura liberal don Juan Antonio Posse con su Discurso sobre la Constitución de 1812), onde continúa facendo referencia ás moitas inxustizas que se vían cometendo en España.

Os colonos residentes nos coutos tanto eclesiásticos como civís, eran rexidos por un xuíz ordinario –tamén coñecidos co apelativo de merino de ombreiro–, a veces estes cargos eran desempeñados por unha mesma persoa, designada polo titular do couto, con dereitos xurisdiccionais. O cargo de xuíz e mordomo era representado loxicamente por persoas afíns ó titular do couto, moitas das veces xente que non sabía ler nin escribir. Dependendo da benevolencia do titular, así podían ser as leis, polas cales



se debían rexer os colonos do couto, mesmo os foráneos que moraban nel. As leis foron dispares, desde dereitos de asilo, o que podía ser refuxio de xentes mal tratadas, ou simplemente delinquentes pertencentes a outras xurisdiccións, ou o dereito humillante do señor feudal, a pasa-la primeira noite coas súbditas, na primeira noite de casados, coñecido como dereito de pernada.

No caso de que un couto fose compartido entre varios donos, estes podían designar de mutuo acordo xuíz e mordomo; de non ser así, podían facer partición das terras, entón cada un podía nomear xuíz e mordomo. Se os ingresos por concepto de rendas, e outras obrigas dos moradores, supuña unha fonte importante de beneficios para o titular do couto, non era menos apreciable –principalmente para as familias fidalgas–, a posesión da xurisdicción, sobre un terreo determinado, o cal socialmente era signo de poder. Xeralmente moitos dos coutos, principalmente de titularidade monástica, foron aforados, prioritariamente a cabaleiros, os cales á súa vez acostuman facer subforos. Pero rara vez o titular do couto prescindiu do dereito de exercer a xustiza: a grandes liñas, así era como se rexía a maioría dos coutos. Cando este couto de Corenza pasou a estar baixo a xurisdicción do mosteiro de Toxos Outos, exerceron de xuíces durante xeracións membros da familia Nimo, do lugar que leva o mesmo nome, tal



como quedou reflectido no seguinte inscrito.

TRANSCRIPCIÓN DO TEXTO

Nimo (aldea de Nimo) Mas le paga Juan de Nimo Familiar del Santo Oficio de la Inquisición deste reino y juez desta jurisdicción de San Justo y Francisco de Nimo su sobrino (sobriño de Juan de Nimo), otro ferrado de centeno por dotación de otra sepultura son vecinos de San Martín de Corenza anexo.

A inscrición correspondente óarquivo parroquial de Roo, á cal pasou a ser anexo este couto. Trátase dunha recompilación feita no ano 1691 referente ós rendeiros de sepulturas, onde figuran dous membros da familia Nimo, un deles como xuíz e ó mesmo tempo como Familiar do Santo Oficio.

Esta era a triste realidade que se viviu no Reino de Galicia, nunha Galicia de onte –no ano 1833 produciuse a reestructuración liberal e con ela abolición das xurisdiccións–, onde, nunha superficie de 29.574 Km², conviviron 3.755 estados de Señorío, semellantes a micronacións. Máis cinco dioceses con 3.867 parroquias –3.455 espalladas no medio rural–. Estas cifras dannos unha idea das cargas que tiñan que soportar os noso paisanos, de aí a dúbida de que lles preocupase a idea dos políticos de poñer en práctica un plan fiscalizador. En cambio si que lles preocupaba as ordes relixiosas, así como ós señores feudais e á nobreza, alta e baixa –estes últimos vían como podían perigar as súas rendas, rendas que estaban basadas en facer subforos, dos foros que eles tiñan en primeiro grao; eu teño visto contratos de foro ata en terceiro grao–, xa que a riqueza non estaba en mans da clase baixa.

ESBOZO DE SITUACIÓN DE CORENZA

Dando por feito que o dito xa nos dá unha idea de como discorreu a vida nun couto, imos coñecer a situación xeográfica deste couto de Corenza. A demarcación que vou facer está baseada nos datos que figuran no Interrogatorio –Catastro de Ensenada– feito o 16 de novembro de 1752, sobre a riqueza deste couto, e di: «*El termino que ocupa este coto es de Levante a Poniente media Legua (2.786 ml) de Norte a Sur lo mismo y de circunferencia dos Leguas (11.145 ml), que para caminarlas se necesitan quatro oras, confronta por el Levante y Sur con la Feligresia de San Justo, Poniente con la de Roó, Norte Río Tamar (Tambre)*». O debuxo gráfico sitúanos xeográficamente o lugar deste couto, cunhas pequenas variacións, que considero de pouca importancia; por exemplo, mentres que no catastro figuran 11.145 ml de perímetro, o gráfico mide 11.344 ml, o que equivale a unha superficie de 6.583, 60 km².

RESTOS DO MOSTEIRO

Estas fotografías corresponden ás ruínas do mosteiro de Corenza, das que en próximos artigos comentarei, así como doutros elementos pétreos que formaron o conxunto arquitectónico deste mosteiro.

BIBLIOGRAFÍA

- Arquivo parroquial de Santa María de Roó.
PEGERTO SAAVEDRA:
SEÑORÍOS Y COMUNIDADES CAMPESINAS
/ APORTACIONES A LA HISTORIA
RURAL DE LA ESPAÑA MODERNA.
DAS CASAS DE MORADA Ó MONTE
COMUNAL.
RAMÓN VILLARES:
LA PROPIEDAD DE LA TIERRA EN GALICIA
1500-1936.

M. RUBÉN GARCÍA ÁLVAREZ.

GALICIA Y LOS GALLEGOS EN LA ALTA EDAD MEDIA: DEMOGRAFÍA. 1-2.





Ricardo Güeto Sónora

Futbol

Noya F.C.

Tempada 1962-1963

Como xa dixemos no número anterior o Noya F.C. desaparecería na tempada 61/ 62 aínda que se fixeron xestións para que o Club seguira posto que no verán do 61 fíxose algo de pretempada onde se xogou algún que outro partido amistoso.

Sobre todo un torneo internacional entre o C.D. Ourense, o Noya F.C e o equipo portugués do Arrifanense que viña co adestrador e xogador noies José Dieste.

O primeiro partido xogado entre o C.D. Ourense (xa marchara o noiés Matito para o Betis) daquela en 2ª división, 4º posto na tempada 60/61 e o Arrifanense gaña ó equipo galego por 3 a 1.

O segundo partido e a final xógana o C.D. Ourense e mais o Noya C.F. gañando os Ourensáns por 3 a 2 . Decir tamén que este torneo celebrouse nas festas de Noia.

O 22/4/62 xógase un partido amigable en San Alberto entre dous equipos da 3ª división: o Fabril e mais o Arosa gañando os primeiros por 4 a 1. Este partido era coa intención de recaudar ingresos para o Club pero deu perdas.

Os xogadores locais desprazáronse a xogar a outros equipos da zona de Santiago, sobre todo o eterno rival como era o Arenal.

Xa na tempada 62/63 o Noya cambia de F.C. a C.D. NOYA , así consta na Federación Galega de Fútbol con data 7/7/62 e sería o seu Presidente D. Carlos Santamaría (xa estivera na tempada



C.D. NOYA XUVENIL 62/63

AGEITOS, JOSE, SITO, ELÍAS, SAN MARTÍN, GUERRA, CARTAGENA./ REMIGIO, M. PETISCO, CHITO, A. PETISCO E CHINO

FEDERACION GALIEGA DE FUTBOL
Temporada 1962-63
SOCIUD PROVISIONAL DE INSCRIPCION DE JUGADORES AFICIONADO

Aptidaoe GONZALEZ ABUE
Nome ARCEL VENTURA
Domicilio Comercio Población NOYA
Lugar y fecha de nacimiento NOYA a 24 de Abril de 1943
Club de procedencia CLUB ARENAL
de SANTIAGO DE COMPOSTELA

El firmante en su nombre y demás circunstancias quedan expresadas,
ha suscrito con esta fecha demanda de inscripción de la Real Federación
Española de Fútbol a favor del Club CIUD DEPORTIVO
NOYA de NOYA perteneciente
a la categoría 1ª Regional de esta Región.
NOYA a 2 de Mayo de 1963
Años del jugador.

Preparada y registrada el
de 27 FEB 63 de 1963
Número 3510
El Secretario General




C.D. NOYA XUVENIL 62/63.

GATO, JOSE, COBAS, VITOLO, A. COSTA, A. PETISCO E CASTAÑO.
CHIMINO, M. PETISCO, REMIGIO, RASERO E MÉNDEZ.

A plantel estaba formado por Jorape; Fuentes e Noya (porteiros), Freire; Berjas; Ares; Rubio (defensas), Pachucho; Cobas; Mareque (medios), Chuchu; Chicha; Rasero; Moreno; Higinio e Bouzón (dianteiros).

Destacar que algún xogador procedía do Arenal e do Santiago recién desaparecidos e na plantilla contábase con 5 xogadores locais que eran: Jorape, Rubio, Pacucho, Chuchu e Rasero.

Realmente a plantel era curto, dado que o campionato era curto e había un recién feito equipo de xuvenís.

Os equipos participantes neste campionato de serie "A" rexional grupo norte eran os seguintes: S.D. Compostela; Calvo Sotelo das Pontes de García Rodríguez;

49/50) e sería vicepresidente 1º D. Alfredo Penalta (tamén ex-presidente na tempada 44/45 e 45/46) e vicepresidente 2º D. Andrés Petisco.

Contráse como adestrador a Manolo Blanco (que xa estivera na tempada 59/60).



C.D. NOYA 62/63. M. BLANCO (ADESTRADOR), JORAPE, FREIRE, BERJAS, ARES, COBAS, MAREQUE, NOYA (P.S.)
CHUCHU, PACUCHO, MORENO, RASERO E HIGINIO.

Ribadeo; C.D. Barraña de Boiro; Bergantiños de Carballo; C.D. Noya e Órdenes; en total 7 Clubs.

O campeonato comezou o 6/1/63 (Día de Reis), onde o Noya se despraza a Carballo ó campo das Pedras Brancas, xogando contra o Bergantiños e o resultado é de empate 0 a 0.

O 13/1/63 e na 2ª xornada debuta o equipo noiés no seu campo de San Alberto ante o Ribadeo e gañando os locais por 2 goles a 1.

O 20/1/63 e xa na terceira xornada prodúcese o primeiro “derby” comarcal da historia xa que o Noya se despraza a Boiro a xogar co Barraña e onde sucumbe por 1 a 0.

Na 4ª xornada ó Noya tócalle descansar.

A 5ª xornada debía xogarse o 3/2/63 pero por mor dunha nevada o Calvo Sotelo non puido desprazarse a Noia, co cal se cambia para o 19/3/63, co resultado de empate a 0. Resaltar que San Alberto estaba feito unha lomeira pois o partido cae nun día de chuvia e pedrazo.

A xornada 6ª o 10/2/63 ó Noya tócalle de xogar en Santiago, outro partido de rivalidade, ante o recién creado S.D. Compostela; xógase no campo da Residencia xa que Santa Isabel estaba en obras; o resultado foi de 1 a 0 a favor dos composteláns, gracias a un penalti un tanto riguroso que sinalou o árbitro da contenda, o Sr. Ramos Otero, neste partido o Noya aliñou os seguintes xogadores: Jorape, Freire, Bejas, Ares, Pacucho, Cobas, Chuchu, Chicha, Moreno, Mareque e Bouzón.

Na xornada 7ª o 17/2/63 (a que remataba a primeira volta) o Noya recibe a visita do Órdenes ó que golea por 4 a 0.

Xa na 2ª volta e na xornada 8ª que se xoga o día 24/2/63 o Noya golea en San Alberto ó Bergantiños de Carballo por un tanteo de 5 goles a 2 onde houbo duelo de goleadores entre Moreno, que marcou 3 do Noya, e Argimiro do Bergantiños, que foi quen marcou os dous do seu equipo.

Na xornada nº 9ª o Noya desprázase o campo Municipal de Ribadeo, isto acontece o 3/3/63 onde gaña por primeira vez a domicilio por 1 a 0.

Na seguinte xornada na nº 10ª prodúcese a volta do partido de rivalidade comarcal entre o Barraña de Boiro e o Noya, e o equipo local golea por un contundente 4 a 0 nun día chuvioso e de vento, isto acontecía o 10/3/63.

Na xornada 11ª o Noya volve a descansar.

O 24/3/63 na xornada 12ª o Noya desprázase as Pontes de García Rodríguez, onde sae derrotado do campo do Poblado por un contundente 4 a 1, como dato curioso

FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL
Temporada 1962-63
SOLICITUD PROVISIONAL DE INSCRIPCION DE JUGADOR AFICIONADO

Apellidos: GONZALO MEDRINE
Nombre: FRANCISCO
Domicilio: Felipe de Castro Poblado NOYA
Lugar y fecha de nacimiento: NOYA a 7 de Septiembre de 1943
Club de procedencia: ARENAL C.F. de SANTIAGO DE COMPOSTELA
El presente es un nombre y demás circunstancias quedan expresadas.
Se suscribe con esta fecha documento de inscripción de la Real Federación Española de Fútbol a favor del Club DEPORTIVO NOYA de NOYA perteneciente a la categoría 1ª Regional de este Región.
NOYA a 30 de Septiembre de 1962
Firma del jugador: Francisco Medrine
Presentado a registro el día 3 de Octubre de 1962 con el número 1589 El Secretario General.

FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL
Temporada 1962-63
SOLICITUD PROVISIONAL DE INSCRIPCION DE JUGADOR AFICIONADO

Apellidos: Vazquez Fernández
Nombre: Antonio
Domicilio: Montero Rios NOYA
Lugar y fecha de nacimiento: NOYA a 16 de Julio de 1939
Club de procedencia: ARENAL C.F. de SANTIAGO
El presente es un nombre y demás circunstancias quedan expresadas.
Se suscribe con esta fecha documento de inscripción de la Real Federación Española de Fútbol a favor del Club DEPORTIVO NOYA de NOYA perteneciente a la categoría 1ª Regional de este Región.
NOYA a 20 de Septiembre de 1962
Firma del jugador: Antonio Vazquez
Presentado a registro el día 3 de Octubre de 1962 con el número 1353 El Secretario General.

reseñar que o partido estivo suspendido durante 25 minutos por unha fortesarabiada; dicir que o partido de ida se xogara facía 5 días.

Na xornada 13ª o 31/3/63 e penúltimo partido da liga o Noya ten a visita do líder, o Compostela, partido da



TÍTULO DO PERIÓDICO *LA NOCHE*, DO PARTIDO NOYA 1 - COMPOSTELA 2

máxima rivalidade onde o equipo local se xogaba o 2º posto, o cal lle daría unha praza de ascenso a 3ª. O partido foi moi bronco, onde o protagonista foi de novo o árbitro. O Sr. Ramos Otero da Coruña expulsou o central Berjas ós 5

minutos e logo pitou un penalti inexistente. Tivo que saír escoltado pola Garda Civil, o Noya perdería ese encontro por 2 goles a 1.

O 7/4/63 foi a última xornada de liga, a nº 14, e o Noya desprázase ó campo de Vista Alegre en Órdenes, onde gañaría pola mínima 0 a 1.

Foi unha gran tempada na cal o equipo noiés estivo a punto de lograr a promoción de ascenso; o equipo base durante a tempada estivo formado por: Jorape, Freire, Berjas, Ares, Pacucho, Cobas, Chuchu, Chicha, Moreno, Mareque e Bouzón.

A clasificación foi a seguinte: 1º Compostela (que gañou tódolos partidos); 2º Calvo Sortelo; 3º Noya; 4º Bergantiños; 5º Barraña; 6º Ribadeo; 7º Ordenes.

Os números do Noya foron os seguintes: dos 12 partidos que xogou, gañou 6, empatou 2 e perdeu 4; con 19 goles a favor e 12 en contra e cun total de 14 puntos.

O máximo goleador do campionato foi Argimiro do Bergantiños, seguido do noiés Moreno.

No grupo sur de serie “A” rexional o campeón sería o Choco de Redondela.

Nesta tempada formaríase por primeira vez un equipo federado de xuvenis, onde serían campións do grupo 7, que comprendería tódolos equipos de Santiago e o Noya e a base do equipo estaría formada polos seguintes xogadores: Ageitos, Gato, José, Sito, Cartagena, Mario, San-



C.D. NOYA 62-63.

JORAPE, ARES, BERJAS, COBAS, PACUCHO E FREIRE. / MORENO, HIGINIO, CHICHA, MAREQUE, BOUZÓN E FUENES (P.S.)



Martín, Guerra, Chimino, Remigio, Vitolo, M.Petisco, A.Petisco, Chino e outros, na fase final queda eliminado polo Arosa (1-1/5-0).

Dicir que estas dúas tempadas se xogan dous campionatos de modestos, o primeiro gañouno o San Martín e o 2º O.J.E.

Nesta tempada falar dun equipo “B” que participa no campionato das Rías Baixas no seu grupo norte, o seu primeiro partido foi: Noya 0, Vilanova de Arosa 2 con esta aliñación por parte do equipo noiés: Noya, Souto, Méndez, Lires, Cobas, Braulio, Ventura, Moreira, Abelardo, Remigio e Jaime. O seu adestrador era Martín.

Participábase na Copa Galicia con estas eliminatorias:

Barraña 0 - Noya 1 (1-0) desempate en Vilagarcía con este resultado:

Noya 3 - Barraña 2 na 2ª eliminatoria.

Noya 1 - Fabril 2 (1-4); o equipo noiés estaba reforzado polos xogadores do Arosa Durán e Alcalde.

Tamén se participa no campionato de aficionados de Galicia quedando eliminado na 1ª ronda polo Barraña con estes resultados:

Barraña 0 - Noya 2 (3-1) pero queda eliminado por aliñación indebida de Higinio.

Os partidos amistosos foron entre outros:

15/07/62: Noya 7, Estradense 2

18/10/62: Noya 4, Ulla 2

2/12/62: Noya 2, Arosa 1

O 25/4/63 xógase no campo de San Alberto o I trofeo San Marcos entre o Pontevedra de 2ª división e o Deportivo naquela época tamén en 2ª división, e o resultado foi de escándalo pois o Pontevedra gañou por 8 a 1. Arbitrou o Sr. Naya e as aliñacións de ambos os equipos foron:

Deportivo: Pampols (Giraldez), Domínguez, Valentin, Hermida, Aurre, Rojo, Revuelta, Bellón, Laureda, Antonio e Paz.



COMPOSTELA 1 - NOYA 0
CAPITÁNS DOS DOUS EQUIPOS. CHUCHU (NOYA) E MARÍN (COMPOSTELA), CO ÁRBITRO RAMOS OTERO.

Pontevedra: Estévez, Firi, Calleja, Cholo, Pastor, Marcelino, Fito, Ferradas, Vallejo, Iglesias e Carlos.

Nesta tempada en Noia había 4 árbitros que eran: Manuel Nuñez, Manuel Seijas, Raúl Viñas e Manuel Güeto.

Na próxima edición falaremos da tempada 63/64.

FE DE ERROS

Por un erro involuntario na páxina 57 do número 16 desta Revista, aparece o futbolista Rafa como nacido en Santiago cando, en realidade, Rafael García Fernández, fillo de Generoso e Esperanza, viu a luz por primeira vez na vila de Noia, concretamente na Casa do Ferrador –na rúa do mesmo nome– o 4 de decembro de 1937, aínda que dous anos máis tarde marcharía de Noia coa súa familia. Sirvan estas liñas para sentida desculpa ante o interesado e de satisfacción para todos os noieiros amantes do fútbol.

Canciões de Noia

A Ramboia



Prudencio Romo

A *Ramboia* é unha canción que en Noia se cantou moito alá polos anos 1920 ó 1936.

Nunca foi unha canción que se cantaba en serio, foi desas cancións que se cantaban cando xa non había outra cousa que cantar, hoxe diríamos que foi unha canción de “relax”.

Do que non nos cabe dúbida é de que nos chegou a través do mar.

Os importadores foron aqueles inescrutables mariñeiros dos veleiros, que facían a ruta Noia-Vigo e que chegaban como dixo F. Añón ata o mesmo Portugal.

A canción é de orixe portugués, pero non cabe dúbida de que foi adaptada. Penso tamén que retomada polos propios mariñeiros, pois deste xeito, expresaban mellor as súas experiencias e os sentimentos que xurdían nunha travesía chea de perigos, pero que formaba parte das súas vidas.

Esta canción tamén foi moi popular en Vigo, e en ambas as dúas veiras da súa ría. Unha pequena mostra do que digo é que a única gravación que se coñece da *Ramboia* está feita por un grupo de Cangas, que a sacou do fondo do armario para gravala e dala a coñecer na T.V.G. fai uns sete ou oito anos.

Ramboia quere dicir: “Rumbosa”, “Dadivosa”, “Magnífica” e tamén “muller de voluptuosas curvas”.

Contáronme que esta canción non era moi ben acollida polas familias dos mariñeiros que facían a ruta Noia-Vigo. Tiñan a impresión de que os mal intencionados cantaban a *Ramboia* para denunciar a vida leda que facían os seus parentes, unha vez que desatracaban do peirao do Marqués.

O certo é que cando chegaban a Noia, da barriga daqueles barcos saían mercadorías que abastecían a todos os comercios de Noia, sobre todo ós “ultramariños” e tabernas. A descarga facíase en carretas ou a man.

Os bocois do viño traíanos a rolar dende o peirao do Marqués ata o seu destino. Había que ver (eu vivía na rúa de Axuda) o traballíño que pasaban 3 homes, pois só podían ser 3 (non había espazo para máis) para subir rolando pola costa da rúa de Axuda un bocoi de 500 litros, deixalo na taberna do Toro, escaleiras incluídas.

Aquelas tabernas (a maioría lúgubres), de piso de terra, cunha táboa posta sobre catro estacas chantadas no chan, era o que facía de mostrador no que se podían ver os círculos de centos de cuncas. E todo alumeado por unha soa lámpada que en ningún caso por orde de Don Felipe (o da lus) podía sobrepasar de 50 vatios.

Pero volvendo á canción, sei que tiña bastantes estrofas, pois supoño que se aplicarían segundo as circunstancias.

Nesta edición poño as tres que coñezo e prégoles que se alguén coñece algunha máis, ma faga chegar por correo, ou que ma diga por teléfono que llo agradecería moito.

A letra da *Ramboia* póñoa na pronunciación que a min me chegou.

A Romboia

Sol Re7 Sol
 Vente Jo an na , vér minha xoi a vente con-
 La m Re7 Sol Re7 Sol
 mi goe canta re ma-la Romboi a . Vente Jo an na
 Sol
 Vente con mi go e canta re ma-la Romboia en vendo
 Sol Sol Mi7 La m
 Vi go 1ª Mi ãa co ma dre Fe lo ria . Non hai nu
 Re7 Sol Sol Mi7 La m
 Per co ma e la . Os o sos da-lhos o ho-me.
 La m Re7 Sol
 a carne co mea e la . Vi va, Rombo ia
 Sol
 Romboia vi va . vi va Rom bo ia jinda que sei a noite e
 Re7 Sol
 di a . Vi va Rombo ia . Romboia vi va . Vi va Rom
 La m Sol La m6 Re7 Sol 1ª 2ª vez
 boai nda que sei a noi te di a .
 Fin

II

III

Din que hai no mar unha torre,
 e na torre unha ventara,
 e na ventara, a Romboia,
 qu'os mariñeiros reclama.

Vente con migo Joana
 non te quedas aquí soia,
 cando cheguemos a Vigo
 cantaremo-la Romboia.



Inma Oviedo



X. Pastor Rodríguez Santamaría

Un poeta de Porto do Son: Xosé Iglesias Roura

Non son moitos os escritores en lingua galega nados no concello de Porto do Son antes da Guerra Civil e, agás algunha excepción como a de Xerardo Díaz Fernández, son pouco coñecidos e pouco apreciados. Un deles é **Xosé Iglesias Roura**, a quen citan moitos repertorios literarios, pero son sinalar a miúdo os seus datos biográficos ou anotándoos erroneamente. A *Gran Enciclopedia Gallega* no seu tomo XVII aporta a fotografía do autor, destaca o seu labor de tradutor e infravalora a súa obra poética orixi-



XOSÉ IGLESIAS ROURA

nal. Nos apéndices aparece xa como nacido o 28 de novembro de 1880, aínda que en realidade naceu na rúa de Santo Andrés, lugar de Goiáns (Portosín) o 28 de abril de 1879. O seu nome de pía completo era José Prudencio. Seu pai, Luís Iglesias, nacera en Triacastela, Lugo, mentres que súa nai, Elisa Roura, o fixera en Porto do Son. A familia de súa nai procedía de San Pol de Mar en Girona, de onde viñera o seu avó Pablo Roura para establecer no Son unha fábrica de salga de peixe.

Avogado, a maioría da súa vida transcorrerá na cidade da Coruña, cidade da que foi concelleiro e na que prestará un grande servizo á Real Academia Galega, da que era membro correspondente, pois grazas ás súas xestións esta institución puido dispoñer nos anos vinte dunha sé no pazo municipal herculino. Casado con Victorina Lago Vidal, tivo tres fillos no seu matrimonio, Felicia, Gloria e José Luis.

A súa obra galega espallouna por diferentes xornais e revistas, aínda que sempre foi recoñecido, sobre todo, como tradutor ao galego de poetas cataláns, franceses, italianos e alemáns, mais tamén cultivou a crítica literaria en galego (por exemplo, reseñou o volume *Poesías*, de Antón Valcárcel co título “*Fala o padriño*”, en *A Nosa*

Terra, o 20 de abril de 1918), a poesía e o teatro. Director artístico do coro “*Cántigas da Terra*”, para o que escribiu moitas romanzas, ás que puxo música Manuel Fernández Amor (Ribadeo, 1896-A Coruña, 1978), e probablemente tamén a peza teatral *Muiñadas*, que foi posta en escena na Coruña en 1924. Non foi moi ben recibida esta peza teatral por *A Nosa Terra*, como se pode comprobar polos comentarios publicados no número 208 do 1 de xaneiro de 1925. Consta, ademais, que escribiu unha zarzuela, titulada “*A esquecida*”, estreada tamén con música de Fernández Amor.

Colaborador do xornal *A Nosa Terra*, órgano das Irmandades da Fala, ás que pertencía Iglesias Roura, neste medio periodístico publicou traducións do italiano Tommaso Grossi (1790-1853), titulado “*A andoriña*” e do francés Alfred de Musset (1810-1857), neste caso o poema “*Estreliña do serán*”, que é unha das súas mellores versións e que apareceu no número dez, o 16 de febreiro de 1917 e que comeza deste xeito:

*Pálida estrela do caer do día
que brilas entre os velos do verán,
dende o pazo de azur do seo dos ceos
¿que ves na terra chá?*

Non foron os únicos poetas traducidos para *A Nosa Terra*, pois o dez de xuño do mesmo ano apareceu a máis coñecida das súas versións, “*A vaca cega*”, do grande poeta catalán Joan Maragall (1860-1911), que foi moi coñecida e que reproducíu o suplemento “*Nós*” do xornal coruñés *El Noroeste* o 12 de novembro de 1918. Deste mesmo autor traducíu tamén “*Imno da arbre froital*” para o órgano



PARTIDA DE DEFUNCIÓN DE XOSÉ IGLESIAS ROURA

das Irmandades, que se publicou o 1 de marzo de 1929. Neste xornal apareceron tamén a tradución da “*Imitazione*” que o poeta italiano Giacomo Leopardi (1798-1837) fixera de “*A folla*” do francés Antoine Arnault (1766-1834), tradución que se publicou o 10 de marzo de 1917; ao seu carón aparecen os textos do alemán Hans Theodor Storm (1817-1888) titulados “*O amor que soño*” e “*Xulio*”, aínda que neste caso a versión do alemán fixéraa Antonio Valcárcel e Iglesias Roura limitouse a facer unha versión en verso da tradución ao castelán. Mesmo chegou a traducir poemas do español como o titulado “*A sangrante namorada*” de Pedro de Répide (1882-1948), aparecida na revista *Nós* o 15 de agosto de 1928. Aínda hai que engadir a tradución do poema “*Orfa e sin amor*” do romántico alemán Eduard Mörike (1804-1875), que apareceu en *A Nosa Terra* o 30 de xullo de 1917.

A súa poesía orixinal mereceu grandes eloxios de quen fora Presidente da Real Academia Galega, Eladio



CABECEIRA DO SUPLEMENTO NÓS

Rodríguez González, cando publicou a necrolóxica de Iglesias Roura, onde o califica de un dos máis exquisitos poetas galegos. Non foi esa a opinión da posteridade, que esqueceu os seus versos orixinais e lembrou só as traducións. Un repertorio actual cualifícao, con certa razón, de poeta epigonal e de non moi alta calidade. Certamente non foi un poeta de primeira categoría e nos tempos das avangardas era xa un poeta anticuado. Sen embargo non carece dalgúns méritos se o integramos na súa xerazón, que é a que Méndez Ferrín denomina “*Entre dous séculos*”, que ten por cabezaleiros a Ramón Cabanillas e Gonzalo López Abente, aínda moi vinculados á tradición do século XIX, pero que anovan por contactos co Modernismo e coa poesía portuguesa. Iglesias Roura só se vincula ao ruralismo de raíz virxiliana presente na tradición decimonónica e algúns dos seus textos non carecen de certas cualidades positivas. O máis interesante é o titulado “*Tras do arado*”, que apareceu no número 25 de *A Nosa Terra* o 20 de xullo de 1917, poema que reproducimos regularizando a súa acentuación e suprimindo os apóstrofes, mais conservando o léxico e a morfoloxía:

Tras do arado

*¡Outra volta máis! –Volve, Gallardo;
tente ó rego, Cardón.
Nobres almallos meus, case ampeades
con tan brava labor.
Hanvos dar da ferraña que fresquiña
colleron para vós.
Fire abafante o Sol, a terra é un forno.
non se atura a calor.
Se é que o pan me dá –Dios mo perdoe
¡ben ganadiño foi...!*

II

*Mais aínda outra volta. –Za, Gallardo;
vente ó rego, Cardón.
Parésceme que acoro, atafegado
coa poeira e o suor.*

*Hei de fenderte, terra; has de ser
miña;*

*hei de faguerte pó;
hasme dar, das entrañas, pan pros
fillos...*

*Mentras na vida estou,
hei de sacarte os zumes canto poida,
¡que xa mos sacarás a min despois!*

Esta poética rural e virxiliana non remata na poesía galega con Iglesias Roura, senón que terá un magnífico continuador en Xosé Crecente Vega e aínda moitos cultivadores na posguerra.

Outros poemas da súa autoría apareceron en *A Nosa Terra* nos anos 1917 e 1918. Son os titulados “*Alá na fror dos meus anos...*” (nº 30, 10-09-1917), poema de temática amorosa; “*Xusticia a pan de cego*” (nº 40, 30-12-1917), de claro contido social; “*Dos verdes anos*” (nº 52, 20-04-1918) e o que comeza cos versos “*Subindo vou a congostra / con pesado feixe ó lombo...*” publicado no número 50 o 30 de marzo de 1918. Varios destes poemas foron reproducidos polo xornal coruñés *El Noroeste*, no suplemento *Nós*, claro antecedente da mítica revista. Neste suplemento só apareceu un poema orixinal, o titulado “*A vestal gallega*” (26-11-1918), que mestura romanticismo con clasicismo. Sabemos tamén que colaborou no xornal pontevedrés *El Pueblo*, que era o voceiro da Conxunción Republicano-Socialista, que apareceu de 1914 ata 1932, que na segunda etapa comezada en 1921 tiña un suplemento titulado “O

Labrego”, onde Iglesias Roura publicou poemas orixinais.

Sen ser un poeta de grande importancia, a dignidade dos seus versos, e sobre todo das súas traducións, xustificárian unha edición que os reunise. É o labor de tradutor o que segue a interesar principalmente, pois a literatura galega tivo e ten aínda grandes eivas neste terreo. Como mostra do seu labor como tradutor reproducimos “*A vaca cega*” de Joan Maragall:

A vaca cega

*Baténdolle na testa a relfa dos
valados
e tropezando en tódolos petóns do
camiño,
marchando ó tino e soia, a probe
vaca vella
vai abreviar no río.*

*Un coio mal guindado foille sacar
un ollo
e cubréuselle o outro dunha tea:
está cega.*

*Vai beber no regato onde adoito
bebía
mais non coas compañeiras,
nin co aque firme paso con que
marchaba outrora;
a vaca vai sin guía
anda ó tino e vai soia.*

*As irmás polos cómaros e prados e
ribeiras
pacen a fresca herba facendo soar
as chocas;
mais ela caería. Foi a bater cos
belfos
nun aguzado seixo e cía recelosa,
mais volve e se abaixando hasta
atopa-la auga
bebe dela, calmosa, bebe pouco sin
sede.*

*Sobre as mortas meniñas
palpebrexa e a testa*

*cara ó ceo cun certo aire tráxico ergue;
orfa de luz desanda con paso cauteloso
polas corgas e sendas nunca dela esquecidas;
movendo a longa cauda, baixo dun sol que abura
vacilante camiña...*

Xosé Iglesias Roura faleceu no lugar de Mera, parroquia de San Cosme de Maianca, no concello de Oleiros, o 27 de setembro de 1930, segundo a súa partida de defunción, de neoplasia gástrica e foi soterrado no cemiterio de Serantes. Á súa morte referiuse *A Nosa Terra* o 1 de outubro dese mesmo ano con estas palabras:

“Un querido irmán máis que se foi, Xosé Iglesias Roura. Foi un dos fundadores máis entusiastas das Irmandades da Fala, e, dende entón, traballou sin acougo pola causa da Terra. Home cultísimo, houbo de traducir de diversos idiomas europeos moitos poemas, deixando tamén inéditos varios versos, que a súa modestia impidiu conocer.

No cemiterio de Mera ficou o corpo daquel home, mais o espírito está connosco, marcándonos co exemplo dos bos e xenerosos”.

BIBLIOGRAFÍA

- FERNÁNDEZ PRIETO, L. e M. M. BARREIRO: “A prosa política na época das Irmandades”, en V.V.A.A.: *Historia da literatura galega*, Vigo, A Nosa Terra / AS-PG, 1996, t. 2, facs. 19.
- IGLESIAS DE SOUZA, L.: “Autores gallegos de teatro lírico”, Abrente, A Coruña, nº 21-22, (1989-1990).
- LOURENZO, Manuel e PILLADO MAYOR, Francisco: *Diccionario do teatro galego (1671-1985)*, Barcelona, Sotelo Blanco, 1987.
- REAL PÉREZ, Beatriz: “A traducción e os textos traducidos ó galego no período 1907-1936”, Viceversa. Revista Galega de Traducción, nº 6, (2000), pp. 9-36.
- RODRÍGUEZ, Pastor: “O sonense Xosé Iglesias Roura”, La Voz de Galicia, “Barbanza-Muros-Noia”, 01-05-2002, p. 13.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio.: “José Iglesias Roura”, Boletín de la Real Academia Gallega, vol. XIX, nº 228, 1930.
- S.S.: “Liñas de loito”, A Nosa Terra, nº 276, 01-10-1930.
- VILAVEDRA, Dolores (coord.): *Diccionario da literatura galega I. Autores*, Vigo, Galaxia, 1995.



Naufraxios na ría de Muros e noia

Manuel Mariño del Río

Na costa próxima e en toda a ría de Muros e Noia, producíronse moitos naufraxios, e accidentes no mar ó longo dos tempos. Neste traballo non imos deternos en todos eles senón que particularizaremos máis polo miúdo en catro que no seu tempo tiveron moita repercusión:

NAUFRAXIO DE DÚAS VOLANTEIRAS DE PORTO DO SON (8 DE FEBREIRO DE 1879)

En Porto do Son existía unha flota de lanchas volanteiras adicadas á pesca do abadexo e a pescada. Estas volanteiras eran como unha lancha clásica galega de vela de relinga, pero de maior tamaño. Ían tamén dotadas de remos e tripuladas por doce-quinze homes.

O inverno de 1879 caracterizouse por ser un dos máis chuviosos que se lembran. A prensa escrita de toda Galicia informaba ós seus lectores sobre a crueza do tempo. O amarre forzoso da flota pesqueira de Porto do Son producía escaseza de recursos en moitos fogares da vila.

A madrugada do sábado, 8 de febreiro dese ano, aproveitando unha leve melloría do tempo, nove volanteiras saíron do peirao sonense para recolle-los aparellos: volantas e angarellos que tiñan largados no mar facía xa oito días a unhas catorce millas do porto e que non puideran recoller con anterioridade por mor do forte temporal que azoutara Galicia. Naqueles caladoiros foron sorprendidas por un novo temporal que lles obrigou a abandonar o traballo e voltar con urxencia a porto. Só sete delas o lograron logo de grandes esforzos. As outras dúas, as chamadas **Juanita** e **Minerva** desapareceron con tódolos seus tripulantes sen deixar rastro.

A desgracia tamén se puido ver desde a vila. Ás tres e media da tarde, Antonio Ventoso Martínez, propietario da lancha **Juanita** xunto con outros homes que se atopaban tendendo redes a secar no Tendedeiro deixaron de

ve-la vela da embarcación que regresaba por fóra da ría. Posteriormente confirmaríase a súa desaparición. Igual sorte lle aconteceu á **Minerva**, propiedade de Benito Ben Ares.

En total 28 afogados que deixaron 17 viúvas, catro delas encintas e 40 orfos. Para unha pequena vila mariñeira como Porto do Son foi unha traxedia social incalculable.

Ó coñecerse o suceso un enorme xentío foise concentrando no peirao. Alí foron sucedéndose as escenas de dor. A incerteza e a desolación entre os familiares dos falecidos era patente, imposible de describir.

A poboación acudiu en masa ás praias coa escasa esperanza de rescatar algún supervivinte. Centos de persoas agardaron en van durante horas apostados nas pedras onde so se oían os gritos e os lamentos. Nos días posteriores o vecindario recorreu a costa para atopar ós náufragos ou calquera obxecto das volanteiras.

Na costa de Queiruga atoparon restos de madeira dos bordos e un banco da lancha **Juanita**. Á praia de San Francisco achegou o mar tres remos coas iniciais A.V., o timón, o prato de comer e o malleto de aguanta-lo pau, tamén da mesma lancha, que foron rescatados por unha embarcación da ría de Arousa e depositados no almacén de Lino García. Estes efectos posteriormnte serían taxados en 28 reais.



Polo que respecta á **Minerva** foron recollidos do mar unha cubeta de marca, dous pedazos de madeira e 18 anacos de volantas que foron depositados na fábrica de salgadura que Pío Rodríguez posuía no lugar de Fornelos. Estes obxectos serían taxados en 269 reais.

Porto do Son viviu xornadas de loito plenas de emoción contida. A miseria rondaba sobre os familiares das vítimas, xa que a pesca era a súa única fonte de ingresos.

A resposta do vecindario non se fixo agardar. Eles foron os primeiros en prestar axuda a aquelas casas tan necesitadas. Unha axuda insuficiente, sen dúbida, dada-las súas escasas posibilidades pero que serviría de estímulo para solicitar axudas ós organismos oficiais. Ó mesmo tempo tanto en Galicia coma no resto de España organizáronse colectas.

Na cidade da Coruña o gobernador Antonio de Candalija levou a cabo unha gran actividade apelando ás autoridades, asociacións e individuos para paliar-las consecuencias daquel naufraxio. Telegrafou ó goberno da Nación notificando os feitos e reuniu á Deputación. Solicitou de tódolos gobernadores, alcaldes e abades a necesidade de organizar colectas nas distintas parroquias e abrir suscripcións populares para acadar algúns ingresos que mandar como primeira axuda ós fogares dos desaparecidos. Tamén fixo o mesmo cos deputados galegos en Madrid para que lograsen do goberno a maior axuda posible.

O deputado republicano por Noia, Romero Ortiz recibiu 3.000 pesetas do Goberno para o seu reparto inmediato. Romero Ortiz tamén reuniu axiña os deputados galegos residentes en Madrid para estudia-lo caso e acordaron constituír catro comisións e adoptar algunhas



VOLANTEIRA: ESLORA, 11'55 M.; MANGA, 3'78 M. E PUNTAL, 1,80 M.

medidas. En primeiro lugar, unha comisión dirixiuse ó Goberno demandando solucións prácticas. Outra solicitaría das autoridades provinciais galegas a apertura de suscripcións. Unha terceira comisión encargárase de xestionar que unha parte dos ingresos dos teatros engrosasen as suscripcións. Por último, unha cuarta faría chegar ás empresas filiais en América do Sur a delicada situación na que se atopaban as familias dos mariñeiros sonenses.

Antonio de Candalija animou a sociedades como o Círculo Mercantil, a Xunta de Agricultura, a Liga de Contribuíntes, a Sociedade Económica de Santiago, as sociedades de recreo e ó propio Arcebispo compostelán para que recadasen fondos.

O arcebispo de Santiago enviou cen pesos de prata para axudar ás familias dos falecidos e cursou un oficio dirixido ó párroco de San Vicente de Noal para que ordenase a apertura dunha suscripción para o mesmo fin.

En Santiago de Compostela organizáronse colectas nas distintas parroquias. Formouse unha xunta proveedora de auxilios dos náufragos do Son, dirixida por Francisco Sainz, Timoteo Sánchez Freire e Agustín Cerqueiro, cura da colexiata do Sar.

A sociedade compostelana El Recreo anulou un de cada dous bailes semanais e dedicou os gastos ás vítimas do naufraxio.

Dos deputados de Madrid achegaron para o mesmo fin 10.000 pesetas. O ministro da Gobernación, Don Calixto Varela donou 3.000 pesetas.

No informe da recadación que se conserva na Biblioteca Xeral de Santiago (*Naufragio del Son. R.S.E. Espino. Foll. 1-4*) tamén aparecen os directores de *La Gaceta de Galicia* e *El Porvenir*.

Este suceso tería unha enorme transcendencia. As repercusións do naufraxio chegaron ata a actualidade. Aínda hai anciáns de Porto do Son que lembran o naufraxio porque así llo contaran os seus devanceiros xa falecidos. E non lles cabe a menor dúbida de que a desaparición das volanteiras foi o naufraxio máis lamentable deste porto ó longo de toda a súa historia.

NAUFRAXIO DO VAPOR INGLÉS *HORATIO* (20 DE ABRIL DE 1904)

Ás dez da mañá do mércores, 20 de abril de 1904 encallou no baixo coñecido como Chorexo o vapor *Horatio*, de bandeira inglesa. O baixo dista unha milla do peirao de Porto do Son.

O buque tiña afundida a parte de proa e nese mesmo día considerábase total a perda do barco polo perigoso do baixo no que encallou.

O *Horatio* transportaba un cargamento de 2.000 toneladas de trigo. Procedía de Odessa e nun comezo críase que se dirixía a Hull, logo sóubose que o seu destino sería un porto de Xapón. A tripulación composta por 22 tripulantes salvouse.

Algunhas fontes sinalaron que aquel barco puido afundirse ó segui-los sinais da falsa campá. A versión oficial indicaba que o naufraxio se produciu por un lamentable erro do oficial que dirixía o barco, pois a súa intención era entrar na ría de Corcubión para cargar carbón pero entrou na ría de Muros e Noia. Chegado ó lugar do naufraxio advertiu o perigo pero non evitou o choque contra o baixo a pesar de que ordenara dar marcha atrás.

Ó día seguinte saíron para o lugar do accidente numeros obreiros e mariñeiros para comeza-las operacións de salvamento da carga que conducía. Ese día xa se extraeran das adegas algunhas mercadorías pero con bastante dificultade. De tódolos xeitos, as operacións leváronse a cabo con moita lentitude, a pesar de que o barco continuaba na mesma posición.

Os golpes de mar producíronlle grandes vías de auga na popa, anegándoo por completo. Daquela críase difícilísimo o salvamento do buque, limitándose os traballos a libralle a carga.

Ó lugar do naufraxio acudiron o axudante de Mariña, Sr. Cadarso, o res-



ÁNCORA APARECIDA EN COREXO, BEN PUIDERA PERTENCER Ó (*HORATIO*)

ponsable de Aduanas de Muros e forzas de carabineiros.

Ó terceiro día xa se levaban extraídas 150 toneladas da carga, ó tempo que para cooperar nos labores de salvamento do buque partiu para o lugar o vapor F.R. dos señores Barbeito e Rodríguez. Nos traballos tamén colaborou o cañoneiro Vasco Núñez de Balboa.

Para evitar actos de piratería concentráronse na costa próxima ó lugar do afundimento un gran número de carabineiros.

A carga que se sacou do buque depositouse en dous almacéns, un deles na vila sonense. Naqueles intres abrigábase a esperanza de que o vapor aínda podería poñerse a flote.

Días despois tamén acudiría ó lugar do suceso o canciller do consulado inglés D. Eduardo Guyatt. Este puido comprobar como na parte de popa comezaba a abrirse unha importante fenda. Aínda así non se descartaba a súa recuperación para logo levalo ata Ferrol para que alí lle fosen reparados os desperfectos.

Permanecían a bordo tanto os tripulantes como o seu capitán M. Croft, que agardaban con inqueda os resultados dos traballos de salvamento. Para iso chegou ó lugar o remolcador Hercules con dous enxeñeiros a bordo para intentar poñer-lo a flote. A carga de trigo que transportaba foi extraída pero non así as seiscentas toneladas de madeira de carballo que aínda permanecía a bordo unha semana despois do sinistro. Tamén se soubo que levaba chicharos e fabas e unha cantidade non cuantificada de armas de contrabando para o Xapón.

A comezos de maio o barco xa tiña afundida completamente a proa. Daquela xurdiran discrepancias e aumentou o malestar entre as xentes de

Porto do Son porque a empresa propietaria do **Horatio** contratara obreiros de Muros prescindindo dos que ata aqueles intres se ofreceran desde a vila sonense para levar a cabo aquelas faenas.

O cargamento que se foi extraendo do buque foi transportado tamén ó porto de Muros. As cousas non melloraban co paso do tempo, polo que o alcalde de Porto do Son enviou ó gobernador civil da provincia un telegrama dándolle conta de que durante aqueles primeiros días de maio varias embarcacións rodeaban ó vapor **Horatio** co obxecto de rastrexar e recolle-las mercaderías que arroxaba o mar. Estas embarcacións entorpecían o labor dos buzos e os traballos de descarga do buque.

Un carabineiro que prestaba servizo a bordo do vapor ameazou ós tripulantes dos barcos para que se alonxasen del. Como non obedecían aquelas ordes efectuou un disparo intimidatorio. A bala impactou no brazo esquerdo do mariñeiro de Muros Manuel Fernández Pérez, patrón dunha das lanchas, resultando ferido grave. Naqueles intres as embarcacións abandonaron o lugar e o ferido foi trasladado ó Hospital de Santiago.

A finais de maio desencadeouse un forte temporal na costa que destrizou completamente o vapor que se foi a pique en Chorexo, precisamente nunha zona do baixo ó que desde aquela os mariñeiros desta ría chaman “o vapor”.


EMBARRANCAMENTO DUN DIQUE FLOTANTE HOLANDÉS NA PRAIA DE RÍO MAIOR (QUEIRUGA) (2 DE SETEMBRO DE 1912)

O mércores, 2 de setembro de 1912 na comandancia de Mariña recibíronse as primeiras noticias do percance acontecido ós remolcadores Poze e Lanwezee que arrastraban ó dique flotante holandés **Lager Dock** fronte as costas de Corcubión.

Os remolcadores, pertencentes á casa Smit, navegaban en dircción a Lagos, no golfo de Guinea.

A consecuencia do furioso temporal reinante, racharon as amarras que suxeitaban o dique, tendo que ser abandonado polos remolcadores, que tiveron que refuxiarse de arribada forzosa no peirao de Corcubión.

Desde aquela vila telegrafouse inmediatamente ó cónsul de Holanda na cidade da Coruña, D. Raimundo Molina, quen contestou axiña, tamén por telégrafo, dispoñendo que tan pronto amainase o temporal fosen facerse cargo do dique. Mentres tanto a plataforma flo-



O DIQUE ENCALLADO NA PRAIA DE RÍO MAIOR (QUEIRUGA)

tante, impulsada pola forte oleaxe, e logo de salvar algúns baixos, foi a encallar na praia de Río Maior, na parroquia sonense de Queiruga.

Ó día seguinte o comandante xeral recibiu un telegrama do axudante de Mariña de Noia comunicándolle que a consecuencia do temporal embarrancara na costa sonense un dique flotante holandés. Naquel despacho engadíase que a tripulación composta por oito homes non sufrira ningún dano.

O dique quedou atravesado na costa nunhas condicións que dificultaban o seu reflatamento. Ata alí desprazouse o xerente da Sociedade de Salvamento Marítimo, D. Tomás Guyatt e mailo representante da casa Lloyd, Sr. Hervada, regresando ó mesmo día.

Cara o lugar do embarrancamento desprazouse o vapor “Finisterre” da devandita Sociedade de Salvamento con buzos e o material necesario co obxecto de intentar poñer a flote o dique, valorado en máis dun millón de libras esterlinas.

Desde Corcubión partiron tamén os dous remolcadores holandeses que alí se refuxiaron cumprindo a orde telegráfica do cónsul daquela nación na vila coruñesa, D. Raimundo Molina.

Os tripulantes do dique nun primeiro intre non querían saír do barco xa que viron correr cara a costa un enorme xentío que acudía ó rescate dos posibles náufragos. As xentes estaban nas leiras e asomábanse ás rochas cos apeiros de labranza ó lombo e os tripulantes da embarcación pensaban que estaban en perigo.

Finalmente un dos tripulantes animouse a baixar, e vendo a boa acollida que lles dispensaban os veciños de Queiruga, baixaron tamén os sete tripulantes que aínda permanecían a bordo. Durante uns días estiveron vivindo

nunha taberna da aldea ata que a compañía puido repatrialos ó seu país.

Nos días seguintes foron chegando ata a zona varios técnicos especialistas e intentaron reflota-lo dique. Acadaron que o enxeño se movese pero non lograron desembarrancalo. Logo de varios intentos infructuosos quedou descartada aquela operación. Posteriormente decidiuse retirar as pezas de máis valor: tanques, maquinaria, tuberías, etc., que ían deixando na costa. Logo, como os camiós non podían achegarse ata a praia, solicitaron a colaboración dos veciños do lugar para que co seu gando e os seus carros subiran o ferro ata a estrada. Alí introducíanos nos carros e camiós que o transportaban ata Porto do Son. Os carpinteiros da zona facían as embalaxes e, despois de preparalas pezas, levaban todo para Muros en gabarras e remolcadores pequenos para logo continuar a viaxe de volta ata Holanda.

As planchas máis pequenas quedaron aquí e vendíanse por quilo. Moitas cubriron as cunetas da rúa da Roda e do camiño Novo en Porto do Son. Outras cubriron cociñas de ferro e mesmo algunha serviu para pechar algunha horta.

Algúns dos restos semisumerxidos do dique aínda tardaron moitos anos en desaparecer completamente. Nos invernos, cando se producen fortes correntes e falta a area, varios daqueles ferros quedan ó descuberto coa marea baixa.

A partir daquel embarrancamento a praia de Río Maior ou Xandemil pasou a denominarse popularmente “praia do dique” e así é como se lle coñece na actualidade.

DESAPARICIÓN DO PESQUEIRO VOLVERÁN (24 DE MARZO DE 1986)

Na historia recente de Porto do Son, o luns 24 de marzo de 1986 vai supoñer



O **VOLVERÁN** COS SEUS TRIPULANTES A BORDO NUN DÍA DE TEMPORAL NA DÁSENA DE PORTO DO SON, POUCO TEMPO ANTES DA SÚA DESAPARICIÓN

unha triste lembranza para toda a familia mariñeira deste Concello. Á hora na que presumiblemente debía regresar a porto, o pesqueiro **Volverán** naufragou en circunstancias bastante confusas, falecendo os seus cinco tripulantes, veciños de Queiruga.

O barco desaparecido saíra a primeiras horas da madrugada dese día con destino á zona sur de Corrubedo coñecida como Os Rosíns para adicarse á pesca do abadexo. Sobre as 15'30 horas os tripulantes da embarcación sinistrada faláron cos do pesqueiro "Virgen de Loreto" indicando que en media hora recollían as redes e volvían a porto.

Sobre as cinco da tarde o pesqueiro xa debería estar no peirao sonense para a subasta do peixe. A medida que ían pasando as horas a alarma saltou entre os familiares e as xentes do mar.

Decidiuse enviar á zona tres embarcacións: "Eva María", "Nosa Virxe de Loreto" e "Jalisco" para intentar encontrar ós posibles náufragos. Desde terra

varios veciños saíron en coches previstos de prismáticos e radioteléfonos para rastrexala costa, mentres desde a Confraría se realizaban chamadas ó S.A.R., Axudantía de Mariña, Cruz Vermella, Garda Civil e confrarías próximas sen que ninguén puidese dar novas do barco. Os tres barcos regresaron a porto sobre as nove da noite, mentres que o helicóptero do S.A.R. non puido operar ata o día seguinte.

Os malos augurios confirmaríanse ó día seguinte ó apareceren na praia Recobeira de Corrubedo os primeiros restos do pesqueiro: madeiros da ponte, salvavidas e unha botella de viño medio baldeira. Xa pola tardiña apareceron unha camisa e un xerseí cortados con coitelos. Isto semellaba indicar que os donos das prendas intentarían facer sinais antes de se afundiren definitivamente. Nas horas seguintes o estado do mar dificultou notablemente as tarefas de busca que se levaron a cabo tanto por terra coma por mar. Nela participaron a lancha da Cruz Vermella e o helicóptero do S.A.R.

Nos labores de rastrexo participaron case por completo os membros da Confraría de Pescadores de Porto do Son, á fronte dos que se atopaba o seu patrón maior, José Torrado.

O mércores José Romero, fillo do patrón desaparecido, saíu ó mar no seu barco Asur II e dirixiuse á zona

dos Rosíns. Alí atopou unha bengala, o que unido ós outros obxectos pertencentes á ponte do pesqueiro reforzaban a hipótese de que o naufraxio fora provocado por un forte golpe de mar que arrancaría a ponte do barco.

Como consecuencia do naufraxio desapareceron o patrón, Francisco Romero Pouso, os seus fillos, Antonio e Manuel Romero Torres, un sobriño, José Manuel Romero González e outro familiar, Manuel Torres González.

Decretoouse unha xornada de loito, o luns día 31, por parte das autoridades municipais. Ese día os barcos non saíron ó mar, as bandeiras ondearon a media hasta e celebrouse un acto relixioso polos mariñeiros desaparecidos. Ás 10'30 da mañá tivo lugar a misa polos náufragos na igrexa de San Vicente de Noal. Os veciños de Porto do Son, así como outros moitos procedentes das demais parroquias, abarrotaron a igrexa e o adro.

O xoves, 3 de abril, ás seis e media da tarde celebrouse o funeral polos desaparecidos. Foi oficiado polo vicario do arcebispo de Santiago, Daniel Cerqueira Toribio e os párrocos de varias parroquias da bisbarra. Ó acto, celebrado ó aire libre nas inmediacións da cala de Porto Nadelas, asististiron unhas seis mil persoas, entre as que se atopaban: o presidente da Xunta de Galicia, Gerardo Fernández Albor; o conselleiro de Pesca, Páramo Neira; o director xeral de Pesca, Ramón Fernández Tapias; a secretaria segunda do Congreso, María Victoria Fernández-España; o presidente provincial de A.P., Romay Becaría; os parlamentarios Pérez Queiruga e Torres Colomer; o axudante de Mariña de Noia; patróns maiores de Porto do Son, Ribeira e Noia; alcalde e concelleiros de Porto do Son; outras autoridades civís e de Mariña; deputados e figuras destacadas da actividade política e pesqueira.

Durante aquela celebración vivíronse patéticas escenas de dor entre os familiares dos desaparecidos e, en xeral, por toda a comunidade mariñeira de Porto do Son e de toda a bisbarra.

A Confraría de Pescadores de Porto do Son solicitou ás outras confrarías de España, á Xunta, ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a outros organismos as súas axudas para socorrer ás familias das vítimas.

A resposta non se fixo agardar e desde os concellos, confrarías, organismos oficiais e mesmo de particulares foron chegando as axudas económicas que serían repartidas entre os familiares dos náufragos.

Pasadas varias semanas, cando o pesqueiro con base en Porto do Son “Amado” estaba a realiza-las súas tarefas pesqueiras, rescatou do mar o cadáver de Antonio Romero Torres. Isto sucedía o mércores, 30 de abril. O corpo estaba enganchado por un brazo a unha das redes que habitualmente empregaba o barco sinistrado.

Tres meses despois do suceso, o barco do cerco “Xouba”, con base en Aguiño, atopou os restos do **Volverán** no lugar coñecido como As Basoñas, o que semella confirmar que o pesqueiro se afundiría na viaxe de volta á súa base en Porto do Son.

Xa no mes de xullo, a falta de seguridade desaconsellou o rescate do barco, polo que agora dorme con catro dos seus mariñeiros nas augas da ría.

O mércores, 3 de decembro, nos locais da Confraría procederíase á entrega dos donativos ás familias dos náufragos e desaparecidos. O secretario, en representación da Confraría fixo entrega de 5.900.000 pesetas repartidas en 18 partes, ás 4 viúvas, 13 orfos e á nai dun dos mariñeiros accidentados. Unhas semanas antes o programa “Onda Pesqueira” da cadea SER fixera entrega de 8.700.000 pesetas recadadas, ó tempo que fixo chegar 8 caixas de xoguetes e roupa ós fillos dos mariñeiros.



Carlos Mosteiro

Cabalo do demo

Carlos Mosteiro naceu en Xeve, Pontevedra en 1956, pero reside na Pobra do Caramiñal, vila na que exerce de mestre. En 1994 gañou co conto “A segunda hora da tarde” o Premio O Facho, e en 1999 publicou o libro de relatos O día que Miguel Induráin pasou por Gonderande. Coa súa novela Manual de instrucións para querer a Irene gañou o III Premio Abril en 2001.

Se por casualidade un día tiverades necesidade de velo, e collerades camiño de Rosende —onde vive, onde sempre viviu— e preguntarades polo seu nome, o seu verdadeiro nome, o nome co que foi bautizado fai xa un monte de anos; se tiverades que localizalo con urxencia por calquera motivo e preguntarades por Manuel, e inda para mellor identificación —pois Manuel é nome demasiado común en Rosende como en tódolos sitios— engadirades os seus apelidos, Brión Sartal; se fixerades iso, o máis seguro é que ninguén puidera darvos noticias de persoa ningunha que respondera a ese nome.

Pero se dixerades Cabalo do Demo, entón si. Daquela sobraría todo o demais. Abondaría, porque calquera, ata o máis despistado, sería quen de informar con detalle e dar noticias do máis singular dos veciños da pequena aldea; e ademais faríao cun sorriso condescendente, con palabras retranquei-


ras, e sinalaría co dedo a choupana feita de bloques e cuberta dun estraño entramado de xestas, latas e táboas, case apodrecidas, que ocupaba o montecelo xa fóra do núcleo de casas.

— Alí... Alí, naquel palacio, alí vive Cabalo do Demo.

E ceibaría unha gargallada na procura de certa complicitade hospitalaria co descoñecido. Logo poñeríase a desganduxar os múltiples detalles, historias verdadeiras, bastantes esaxeracións, e algún que outro acontecer estremeiro da mitoloxía, que nestes personaxes singulares nunca se sabe onde acaba o verídico e onde empeza a lenda.

De todas as historias que se contan de Cabalo do Demo a que vou contar é das absolutamente verídicas, pódese comprobar preguntando a moita xente da que estaba aquel día na taberna do Roxo. Pero quen sabe mellor do conto é aquel home que vedes sentado no Areal da Furna das Antas, tomando o primeiro sol do verán, comodamente instalado á sombra da terraza do Sol y Mar, distantes aínda os atafegos de xullo, coa invasión de turistas e picholeiros. É Victoriano Cachafeiro.

Ben sabía Victoriano Cachafeiro o moito que amolaba a Manuel que o chamaran polo alcume. Era nesas ocasións as únicas nas que o home se volvía violento. Pero cunha violencia compulsiva, perigosa, desacou-gante. Non o soportaba. E cando o oía, o animal ese que din que todos levamos dentro, mesmo os máis coitados, saíalle pola gorxa, primeiro en improprios blasfemos, irreproducibles, e logo esa mesma animalidade íaselle en forma de forza descomunal ata os puños e brazos. Nesos momentos era quen de matar a un home con só abrazalo, porque entón os brazos eran tenaces demoledoras e incontroladas que non reparaban en palabras de acougo



nin en chamadas á tranquilidade. Daquela o coitado podía chegar a asasinado. Victoriano Cachafeiro, tivo sobre a súa gorxa as terribles tenaces de Cabalo do Demo durante un minuto enteiro, un minuto interminable e mortal, un minuto na que a súa face adquiriu o ton morado dos que morren por falta de aire, esganados. E non valeron os berros desesperados de todos os alí presentes, aquela noite, na taberna do Roxo; non valeron a forza sumada de sete homes que se botaron sobre el para quitarllo de enriba; non valeron súplicas, berros, patadas, nada, nada valeu. Só valeu o ruído dun vaso que caeu do mostrador no estrondo da batalla, e que tivo poder de facelo volver daquel pozo negro, daquela saña, o poder de facelo reaccionar. Só entón afrouxaron as mans sobre a gorxa do Cachafeiro. E por iso o Cachafeiro vive e está no Areal da Cachada, que senón non estaría. E volveu a cor pálida de seu, e toda a xente reanudou a respiración, porque ó que puido pasar non pasou nada.

Aínda arqueando, Manuel Brión, o Cabalo do Demo, sentou nunha cadeira e coa mirada perdida no infinito, falou, faloulle ó Cachafeiro sen miralo, pero na taberna os homes tiveron a certeza de que lles falaba a todos eles.

— Non aturo que me chamen Cabalo do Demo...

Despois, como se aquel arrebatado fora un lapsus do que non tivera conciencia, un lapsus de epilético, volvía a ser o coitadiño indefenso de sempre, o obxecto de todas as risas, de todas as chanzas.



Man, o eremita de Camelle (e o amor)



Agustín Agra Barreiro

Non ten a menor importancia que o seu nome fose Manfred Gnädinger, e que nacera o 27 de xaneiro de 1936 en Dresden, a capital de Saxonia, na Alemaña de xusto antes da guerra, el foi sinxelamente, Man, o alemán de Camelle.

A súa historia non está clara, e pódese escoitar dela variadas versións, aínda que todas parecen coincidir en que apareceu a primeiros dos sesenta do pasado século nun territorio remoto, pobre, e pouco menos que illado, mergullado aínda nas miserias da posguerra, en plena ditadura franquista. Nunha costa, a da Morte, marcada polas innúmeras traxedias marítimas protagonizadas por centos de naufraxios nas que deixaron a vida milleiros de mariñeiros. Nos seus cantís fixéronse naufragar barcos por medio de falsas sinalizacións, historias de piratería nas que se ataban farois nos cornos de bois para levar aos barcos contra os coídos.

No Cemiterio dos Ingleses, situado na Punta do Boi, entre Cabo Vilán e a Praia do Trece, repousan os corpos dos 173 xoves gardamariñas que afogaron no naufraxio en 1890 do buque escola británico *The Serpent*. Ergueuse o campamento á beira de onde o mar devolveu os seus cadáveres.

Dese treito de costa, quizais o máis perigoso da Galiza, tan só se fai referencia ás palilleiras que desenvolven a súa arte do encaixe na vila de Camariñas, ao

faro de cabo Vilán e ao parque eólico ao seu carón e, a pouco máis... tal vez tan só a un home, a Man o alemán.

Contan que aparecera pola aldea a véspera das festas do Espírito Santo de 1961, ou 62?, na que a súa presenza debeu ser pouco menos que unha conmoción. Pasou a primeira noite en cas de *Lola de Benedita*, e ao día seguinte foi á de *Carme de Chuco* para que lle amañase uns zapatos e alí, despois de preguntárenlle pola súa patria de orixe e darlle de merenda un plátano cun anaco de pan, encamiñárono á casa de Euxenia Heim, que falaba alemán e que lle prestou unha casa sen cobrarlle alugamento.





Nos primeiros tempos chamaba a atención pola elegancia da súa vestimenta, sempre traxado e ben peiteado coma un señorito, o cal parece contradicirse coa versión de que era un dos últimos superviventes da vida bohemia dos 60, época na que centos de *hippies* centroeuropeos se achegaron a Galiza, e que arribou entre nós por mor dun pasado que quería esquecer. Só é certo que algún viero nolo trouxo a un dos límites da Terra, e que de recalada na súa singradura ancorou en Camelle para sempre.

Cóntase que non faltaba un domingo a misa naqueles primeiros tempos e que se levaba moi ben coa xente, aínda que non está moi claro a que se dedicaba xa que asemellaba estudar as plantas e animais, levando a moitos para a casa, onde tamén pintaba e esculpía.

Segundo falan, namorou dunha rapaza, a mestra da escola da vila. Contactara con ela, pois posibelmente falaban ambos o inglés, e nese idioma mantiñan longas conversas, sobre todo ao saír da misa os domingos. Mais ela rexeitou as súas arelas, buscaba nel tan só a un amigo co que conversar de temas culturais que non podían inte-

resar nun entorno mariñeiro de xente case analfabeta. Ademais, disque ela xa tiña un noivo, co que ía casar, un capitán de barco, aínda que noutra versión fálase de que viviran xuntos dous anos e, cando ela xa aprendera alemán, deixou para emigrar.

Non din descuberto o nome da muller que o levou a percorrer carreiros e cavorcos lindantes coa vertixe, mais non importa para o devir da súa historia. Enfermou o alemán de mal de amores, a doenza non tan mitolóxica que a case todos nos alcanza no transcurso da existencia.

A partir do desengano entoleceu, sufriu unha lategada que o fixo pecharse nun mundo de soidade e illamento, e virou no que hoxe coñecemos. Mais outros afirman que desapareceu e que, despois dun tempo, cando xa pensaban que volvera a súa terra, regresou, mais desta volta sucio e desnutrido, irrecoñecíbel polas longas barbas e guedellas, descalzo e case que espido, protexido unicamente cun taparrabos co que sobreviviu catro décadas aos duros invernos atlánticos.

Instalouse nas rochas do porto coa súa peculiar fasquía, ¿de anacoreta, ermitaño, ou eremita?, como definilo? Construíu, ou construíronlle os veciños, segundo quen conte o conto, un pequeno alpendre que pintou con rechamantes círculos de cores e que lle serviu de casa. Dedicouse logo durante os seguintes corenta anos a recoller as cousas que o mar abandonaba nos coídos após das mareas, e a facer logo esculturas con elas. Percorría grandes distancias correndo na busca de materiais e se en ocasións atopaba algo demasiado grande ou pesado para transportalo a man axudábase dunha carreta.

Un tolo, bohemio, soñador e extravagante, que irradiaba misterio e misti-



cismo dos seus ollos glaucos, que ergueu un seu particular universo coas figuras construídas de elementos atlánticos. Pedras, grandes pedras apiladas formando columnas e cadeas, nalgúns casos pintadas de negro e branco. Troncos, restos de naufraxios, vértebras de cetáceos e ósos de animais, artes de pesca, todo lle valía para facer esculturas enigmáticas e suxerentes nas que predominaron as formas esféricas e circulares de vivas cores que ocuparon boa parte do peirao e que se estenderon mesmo pola parede dalgunha casa de Camelle e os penedos dos montes de arredor. A súa obra á beira do peirao de Camelle, o que se coñece como *o museo do alemán*. Un microcosmos de fantasía e cor na que parecía sentirse libre e protexido.

Cando morreu, seguía a esperar polo varamento dunha balea, e construír co seu esqueleto a escultura máis grande do seu particular museo ao aire libre.

Non lle chistou que se construíra o dique de abrigo do porto porque estaba planeado sobre a súa obra e, tras discutir co alcalde, conseguiu que este fixese un quebro e esquivase as rochas do seu museo. Pediu tamén ficar para sempre

impreso no cemento e, deitándose de costas sobre el, deixou inmortalizada a súa figura para a eternidade no espigón do peirao.

Mar, chamouse a súa nova paixón, e nela mergullábase cada día. Era habitual velo nadar, facendo percorridos dende Camelle até preto da praia de Traba para logo vir de volta tamén a nado, aínda que nos últimos anos, seguramente debido á súa idade, deixara de facelo.

Quizais fose a alimentación vexetariana, baseada en froitas e verduras, e nunhas infusións que el mesmo preparaba, – ríanse del por mor de comer ortigas –, xunto coa grande actividade física que realizaba, as longas camiñadas para recoller materiais para as súas obras, unido ás extenuantes travesías a nado, as que fixeran del un home de ferro. Aseguran que *Só foi unha vez ao médico*, cando se pregunta pola súa saúde, seica por mor da trabada dun can ao que ninguén, quitando el e o propio dono, eran quen de aloumiñar.

Camelle era visitada por milleiros de persoas co desexo de coñecelo, a el tanto como a súa obra, convertido no principal atractivo turístico desa remota zona costeira, atraídos pola mitoloxía construída ao seu arredor, a súa insólita fasquía agachaba segundo se escoitaba aos seus veciños a un home culto, de boa familia, e que doaba





todos os cartos que recadaba a Cáritas e a outras institucións benéficas.

Hola, toma una libreta, dibuja lo que ves, son cien pesetas.

Pedíache vinte pesos e sacaba cadernos e lapis de cores e, cun aceno, invitábache a percorrer o seu museo aclarando que estaba prohibido fumar pois dicía non querer fume no seu ceo.

Curioseabas o que a xente debuxara antes naquel pequeno e entrañábel caderno que poñía a disposición dos visitantes, e deixabas nel, como testemuña da túa visita, un debuxo, unha frase ou o que se che pasase pola cabeza e engadías o teu nome e a data de nacemento. Logo, na súa pequena choza repasaba os miles de ilustracións durante os fríos e chuviñentos invernos, dicía que así conservaba a alma dos que o foran ver. Que sería deles após do galipote?

Nos últimos tempos era un ancián en taparrabos un tanto decaído que permanecía bastante tempo dentro da súa caseta, que dicía sentirse canso, e que xa ía sendo hora de que a Xunta se fixese cargo do museo.

A súa **morte** xestouse na madrugada do 13 de novembro de 2002, a infame data que será o estigma que acom-

pañará para sempre, para ben ou para mal, a unha morea de homes e mulleres.

O chapapote alcanzou a súa posición, 43 graos norte e 14 oeste, o 16 de novembro, reaccionou de xeito rebelde e agresivo nas primeiras horas, ollou logo ao seu redor e viu que non había nada que facer, era imposible.

Man axeonllouse e chorou sobre as rochas de Camelle o 18 de novembro, enmerdouse tamén el co fuel que cubría o traballo da súa vida e meteuse na cama até que se decataron os seus amigos na aldea, foi internado deseguido no hospital cun cadro de depresión aguda. Regresou aos poucos días con actitude combativa e as enerxías anovadas, mais non tardou en decatarse da inevitábel derrota, dixo aos veciños que prefería que non se limpase nada, e encerrouse logo no seu cuberto.

O seu pasamento aconteceu no día dos inocentes do ano de Nunca Máis, o 28 de decembro, non tiña doenza física



ningunha, tan só unha infinda e abafante tristura, contaba 65 cansos anos, que levaron o empurrón definitivo coa ignominia do Prestige. Os veciños atoparon o seu corpo a media tarde do sábado e foi soterrado ao luns seguinte, a confraría de pescadores correu cos gastos.

Foi, que se saiba, a primeira vítima mortal do Prestige. A súa obra ficou arrasada polo fuel.

Dende o seu pasamento hai pouco máis de dous anos, as súas esculturas e intervencións sobre pedra, madeira e óso están a desaparecer debido á afluencia desmesurada de persoas e á falta de control por parte das autoridades, a pesar de que pouco despois de morrer un cartel de *Prohibido o paso* pretendeu impedir a entrada ao seu museo, se ben a chamada non resultou efectiva para aqueles que se dedicaron a roubar pezas, destruílas ou movelas. Por unha ou outras razóns, a casa e o centro artístico creados por Man permanecen abandonados á súa sorte e, mentres se constrúe unha Casa de Cultura en Camelle cunha sala dedicada á súa obra, esta está a ser esquilmada peza a peza.

Tanto o Concello de Camariñas como a Xunta e o Goberno Central afir-

maron, con distintas xustificacións, non poder intervir no Museo de Camelle. *Non podemos facer nada porque está precintado*, comentou a concelleira de cultura da localidade, *Non imos poñer un garda día e noite*.

Un precinto que agarda pola resolución xudicial sobre a herdanza de Man, que deixou como único beneficiario ao Estado, pero cuns herdeiros lexítimos –irmáns– aos que lles correspondería un terzo das posesións do artista.

A finais de febreiro de 2003, dous meses despois da morte, o Conselleiro de Cultura, Pérez Varela, anunciou que os 300.000 euros que ían ser destinados aos premios de teatro Max servirían para financiar o museo ao aire libre cuberto polo chapapote do Prestige. Segundo a Consellería de Cultura, estes cartos xa estaban en Camariñas e correspondíalle agora ao concello executar as actuacións previstas.

Eses cartos están destinados integramente á construción da Casa da Cultura de Camelle, sen ningunha partida destinada para a restauración, protección e conservación do museo, tal e como recoñeceu a concelleira de cultura de Camariñas, que afirmaba a existencia do compromiso do Estado de, unha vez resolto o proceso xudicial, ceder a xestión do centro artístico de Man ao goberno camariñán. Este compromiso foi confirmado pola Delegación do Goberno en Galicia, quen informou de que o proceso xudicial estaba en trámite. O centro cultural, agora en construción, estará rematado segundo o concello para fins deste 2005 e contará cunha sala adicada a Man e a súa obra. Mais, o futuro desta, a vivenda e o museo ao aire libre ao redor, é a día de hoxe, incerto.

Manfred Gnädinger nunca visitou **Noia**, que se saiba, e se o fixo debeu ser a primeiros dos sesenta, antes da degradación urbanística que nos describe Pedro García



Vidal na *Revista Alameda*, no anterior número, o 17, de decembro de 2004, mais é posíbel que soubese da nosa vila a través das guías de Galiza en alemán que lle proporcionaba un amigo de seu, libreiro n'A Coruña de Sir Paco. É posíbel que se sorprendese ao lelas ao decatarse dunha aparente contradición: *Noia, porto de Compostela*, mais, u-lo porto? Vila mariñeira, describen as guías, ¿e os barcos e o peirao? A realidade é que vivimos de costas ao mar, ao noso mar, o de todos, do que levamos vivindo dende hai innúmeras xeracións, no mesmo que morreron os nosos, non preciso recordar o que El é, ou debería ser, para nós...

Os malecóns, a faciana marítima da Vila, fican en ruínas dende hai décadas. A ría é para esquilmala, din por nós os nosos actos, para desbotar o lixo con secular permisividade. Todos recordamos a explanada de Testal cos seus fumes e lumeiros, e as visitas nocturnas dos particulares para desfacerse até do máis inverosímil (que tire o inocente a primeira pedra). Sería do máis interesante un estudo estatístico do que se podería atopar na lameira que aparece baixo dos malecóns cada vez que baixa a marea, cousa que acontece dúas veces ao día, mais xa sabemos que a culpábel é a Lúa. Tampouco tería desperdicio a análise sociolóxica das conclusións que se tirarían do seu estudo, do da merda, o que xa non sei é se teríamos entrañas dabondo para escoitalas. Mais, non importa, todo o que baixa tamén sobe, disque, e a da marea é moi útil para encubrir ou ocultar as nosas miserias, pena dunha preamar perpetua por decreto en día de marea viva!

Qué dicir das desembocaduras dos sumidoiros e emisarios de fecais, ¿u-la cacarexada depuradora? A costa parece ser tan só obxectivo de especulación inmobiliaria e o futuro pasar polos recheos, tan só quedará para o



recordo nos libros, por moi fermosos que estes sexan, na *Historia de la vela en Noia* de José Luis Hermo, nos de Xerardo AgraFoxo ou nos de Pedro García Vidal, que recén nos recordaba o estado lamentábel da faciana marítima do noso casco histórico, por moito *plan especial de protección interior do casco histórico* (PEPRICH), que teñamos.

Que lle depara o destino ao Mar de Noia?, ficará baixo do asfalto para sempre?, asfaltaremos o mar como xa case aconteceu con outras vilas co Prestige? Iremos despois contemplalo após dunha ponte, do viaduto, un moderno e esperpéntico Coloso de Rodas transmutado en cen pés, ancorados estes entre as puntas de Testal e Abruñeiras.

Son un utópico, seino, mais contáronme, e eu crino, que as poltronas cando se accede a elas son, amais de para sentar nelas, para usalas con eficacia e imaxinación entre outros cualificativos. De pouco serve gañar unhas eleccións e ostentar o poder se non se sabe que facer con el. Ou si se sabe?, e mentres uns se dedican a xogar aos faraóns, outros comtempláremolo. Ancorados no silencio?



María Castaño



Domingo Campos

Noia: vinte e cinco anos de democracia.

Comportamento electoral

INTRODUCCIÓN

A data do 3 de abril de 1979 marca un fíto transcendente na aínda breve historia da nosa experiencia democrática. Cecaís nos falta a imprescindible perspectiva para valorar obxectivamente a magnitude da aportación das entidades locais ao desenvolvemento e transformación da sociedade. Mais, o que non admite dúbidas é que as primeiras eleccións locais democráticas lles confiren aos concellos o rol de protagonistas activos no meirande proceso de cambio e transformación experimentado ao longo de máis dun século.

O 3 de abril de 1979 os novos concellos abandonan o vello papel de simples expendedores de taxas e arbitrios que viñeran desenvolvendo ao longo das catro décadas de submisión e alleamento e convértense en dinámicos axentes modernizadores. Os novos equipos municipais, a maioría deles sen experiencia na xestión pública, andan sobrados de folgos para acometer a transformación da realidade local, devolverlles a ledicia que nunca deberon perder aos pobos, vilas e cidades deste país, tirar dos vellos equipos provintes do antigo réxime, ordenar e racionalizar o desenvolvemento urbanístico e proxectar e executar obras de infraestruturas destinadas a mellorar as condicións de vida dos espazos rurais e urbanos.

Houbo e hai problemas de moi diverso matiz e calado. Sen dúbida. Persisten aínda disfuncións e carencias endémicas que deben ser emendadas. Sen dúbida. Mais, non é menos certo que aquel municipalismo nado o 3 de abril de 1979 operou en dúas direccións: transformando para mellor as estruturas locais e dotándose dun marcado carácter igualitario.

As zonas, sectores e colectivos máis desfavorecidos foron obxecto de atención prioritaria. Dispuxéronse novos servizos sociais e un variado elenco de dotacións para beneficio de amplas áreas e franxas de poboación

que ata ese momento estiveran no esquecemento e en serio risco de marxinaión.

Cómpre, por último, salientar a substancial aportación do municipalismo dimanado do 3 de abril de 1979 á profundización na cultura democrática do noso país. A política municipal contribuíu, sen estridencias, a dar creto á vida pública; porque, se ben é certo que a democracia se lexitima no mandato dos cidadáns nas urnas, non é menos certo que se consolida e reforza a partir da súa superioridade, fronte a calquera outro sistema, para producir mellores e máis positivos resultados para estes cidadáns.

O MARCO TERRITORIAL

O concello de Noia, como circunscripción electoral, constitúe o núcleo central deste traballo, pero tamén é, aseme, o marco referencial; é dicir, partindo do estudo do comportamento electoral de Noia ao longo dos últimos vinte e cinco anos iremos achegándonos ao dos concellos veciños e aos resultados electorais producidos na provincia nas distintas confrontacións. Por unha banda, esta última demarcación territorial dispón dunha administración pública, a Deputación, cuxa composición depende dos resultados que se dean nos distintos partidos xudiciais. Por outra, a provincia é, agás no caso das eleccións municipais, a circunscri-

ción electoral consagrada no vixente sistema electoral.

Consonte co antedito, a parte substancial do corpo de datos que sustenta este traballo constitúea o estudo dos resultados que se teñen dado nas eleccións municipais en Noia dende as primeiras celebradas o 3 de abril de 1979 ata as, de momento últimas, do ano 2003. Unha segunda e complementaria parte estará formada pola análise dos resultados das eleccións e referendos celebrados con anterioridade á devandita data e *a posteriori* da mesma tanto en Noia coma nos concellos estremeiros, e mesmo no ámbito provincial.

Concretado o ámbito, cómpre facer unha reflexión, aínda que sexa moi superficial, sobre as variables que inciden nun resultado electoral a nivel municipal. A recorrente frase “Noia é moi difícil”, utilizada para explicar ou xustificar un cambio no sentido do voto popular, cambio que se produciu en catro ocasións e que propiciou que en Noia se turnasen no goberno as tres formacións con máis arraigamento no espectro político galego, vén a xustificala.

A actividade política a nivel municipal ten unha especial idiosincrasia, que descansa fundamentalmente na proximidade aos cidadáns e na actuación sobre aspectos que forman parte da realidade máis cotiá das súas vidas, das necesidades do “día a día”. Así e todo, non resulta nada estraño que se produzan diferenzas no comportamento electoral entre o núcleo rural e o urbano; porque as propias motivacións dos veciños á hora de votar, os seus modos de vida e as formas de participación social, os sistemas de captación do voto e o acceso á información operan de xeito diferente nos dous ámbitos. Asemade, outros factores como o grao de cultura e a propia capacidade económica, xunto coa densidade e concentración da poboación, son variables a considerar no estudo destas diferenzas.



TOMA DE POSESIÓN NO XULGADO DE NOIA DE CONCELLAIS DE 1ª
LEXISLATURA NO ANO 1979

AS PRIMEIRAS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DEMOCRÁTICAS

As eleccións locais de 1979 hai que enmarcalas no quinquenio 1976-81, período politicamente moi intenso e trascendental de cara á definición do modelo de Estado democrático. Dicía Castelao: “España é un país multi-forme que non pode rexirse cun criterio uniformista...”. Pois ben, no devandito período a libre expresión da soberanía popular vén traducir a norma legal a resposta a un grave problema que España tiña aínda por resolver: a forma de organización política baseada no principio de descentralización. Neste senso, as primeiras eleccións democráticas municipais supoñen a introdución do principio de autonomía local, un fito no afianzamento do marco de liberdades e de participación política, pero tamén un fito irrenunciable da nosa historia e o sinal evidente da nosa convivencia cidadá.

Organización do proceso electoral

A corporación que rexía os destinos do concello por aquelas datas estaba presidida polo alcalde Antonio Busto Rodríguez e integrada polos concelleiros Roberto Bejarano Galdino, Eduardo Ces Iglesias, Antonio Creo Blanco, Arturo Lojo Nieto, Juan José López Pérez, José Maneiro González, Camilo Núñez Vidal, Segundo Pérez Queiro, José Rama Dosil, José Luís Rodríguez Hermo, José Luís Rodríguez Louro e Pedro Sáez Lestón.

Á administración electoral, que estaba integrada pola Xunta Electoral de Zona e as Mesas electorais, correspondíalle garantir a transparencia, obxectividade e o principio de igualdade do proceso electoral.

O concello estaba obrigado a colaborar na formación das Mesas e a poñer á súa disposición os medios persoais e materiais precisos para o exercicio das funcións que estas tiñan encomendadas.



DÍA DA ELECCIÓN DE ALCALDE DE DÍAZ FORNAS

Os distritos censais estaban divididos en seccións, en cada unha das cales había unha Mesa formada por un presidente e dous vocais.

As Mesas electorais

DISTRITO PRIMEIRO. SECCIÓN ÚNICA. Comprendía os lugares de: Baia, A; Becollo; Beiro; Canabal, O; Devesa, A; Entrerríos; Figueira; Igrexa, A; Mosteiro, O; Piñeiro; Ponte de Argalo, A; Ponte de San Francisco, A; Sobreviñas; Sueiro; Torno, O; Vilaboa e Valbargos. A Mesa electoral estaba instalada no colexio público de EXB “Felipe de Castro” de Bergondo.

DISTRITO SEGUNDO. SECCIÓN PRIMEIRA. Comprendía os lugares de: Augalevada; Barquiña, A; Carracido; Cural de Orro; Eiroa; Igrexa, A; Orro; Telleiro, O e Vilanova. A Mesa estaba instalada na escola unitaria de A Barquiña.

DISTRITO SEGUNDO. SECCIÓN SEGUNDA. Comprendía os lugares de: Barro; Cruceiro do Río, O; Loxe, A; Manle; Outonil, O; Piñeiro, O; Ponte; Vista Fermosa e Xilvir. A Mesa de votación estaba instalada na vivenda de Elías Moares Lorenzo, en Vista Fermosa.

DISTRITO SEGUNDO. SECCIÓN TERCEIRA. Comprendía os lugares de: Argote; Campo de Lamas; Couto de Abaixo, O; Couto de Arriba, O; Costaneira, A; Loureiro, O; Pazos, Os; Perouta, A; Pirillueiro, O; Ponte de Traba, A; Sabardes; San Breixo e Xei. A Mesa estaba instalada na vivenda dos herdeiros de Juan Caamaño, no lugar de Os Pazos.

DISTRITO SEGUNDO. SECCIÓN CUARTA. Comprendía os lugares de: Alvariza; Devesa; Fialla, A; Muíños de Juan de Roo, Os; Ousoño; Rasa de Abaixo, A; Rasa de Arriba, A; Torriña, A; Toxeira, A; Vilarvello e

Vilar de Ousoño. A Mesa electoral estaba instalada na vivenda de Francisco Martínez Pose, no lugar de Ousoño.

DISTRITO TERCEIRO. SECCIÓN ÚNICA. Comprendía os lugares de: Antelo; Carreira, A; Corredoira, A; Devesa, A; Meruso; Redondelo; Rial, O; Sino, O; Taramancos e Vilar, O. A mesa electoral estaba instalada na vivenda propiedade de Arturo Calvo García, en Redondelo.

DISTRITO CUARTO. SECCIÓN PRIMEIRA. Comprendía as rúas da vila: Avda. Xeneral Franco, Avda. de A Coruña, Avda. Calvo Sotelo, Avda. Almirante Carrero Blanco, Axuda, Calvario, Calzada, Carcasía, Comercio, Escultor Ferreiro, Epírito Santo, Luís Cadarso, Malecón de Gasset, Mazacáñamos, Montero Ríos, Pedrachán, Porta da Vila, Rodríguez Cadarso, Rúa Cega, Rúa dos Besteiros e San Bernardo. A Mesa electoral estaba instalada no instituto “Virxe do Mar”.

DISTRITO CUARTO. SECCIÓN SEGUNDA. Comprendía as rúas: Antón de Noia, Arcebispo Berenguel de Landoira, Arcebispo Lope de Mendoza, Axuda, Canliña, Comercio, Condesa, Congostra de Paio Gato, Felipe de Castro, Ferreiro, Gabriel Freire, José Antonio, Laxe, Malecón de Cadarso, Nova, Oviedo Arce, Pescadería, Pais Lápido, Pero Bochón, Pero Sardiña, Praza de Guisamonde, Praza de Lamas, Praza da Salutación, Praza do Tapal, Romero Ortiz, Rúa do Forno, Sande e Lago, Suárez Oviedo e Xan de Estivadas. A Mesa estaba instalada no grupo escolar da Praza Suárez Oviedo; na actualidade inmobile dos Xulgados e Praza da Constitución.

DISTRITO CUARTO. SECCIÓN TERCEIRA. Comprendía as rúas: Avda. do Brasil, Avda. da República Arxentina, Avda. de San Lázaro, e Praza das Américas. A Mesa estaba instalada no grupo escolar da rúa Felipe de

Castro (andar primeiro do inmoible da praza de abastos).

DISTRITO CUARTO. SECCIÓN CUARTA. Comprendía as rúas: Avda. Alejandro Cadarso, Avda. Vizconde de San Alberto, Bergondo, Frei José dos Santos, Pena do Ouro, Ferreiros e Sofreixos. A Mesa electoral estaba instalada no antigo colexio da Milagrosa.

DISTRITO QUINTO. SECCIÓN ÚNICA. Comprendía os lugares: Cabrúns; Campo ou Miraflores; Cru-ciña, A; Chaínza, A; Feal, O; Fonte Per-nal; Igrexa, A; Maroñas; Negral; Pereiro de Abaixo, O; Pereiro de Arriba, O; Portela, A; Rego de Hortas, O. A Mesa electoral estaba instalada na escola unitaria de A Chaínza.

DISTRITO SEXTO. SECCIÓN ÚNICA. Comprendía os lugares: Agrelo; Boña; Castro, O; Igrexa, A; Liñaio; Mato, O; Mirou; Muíño; Nimo; Paradela; Pastoriza; Ponte Nafonso, A; Roode Abaixo; San Paio; Vilafabeiro; Vilardante e Vilaverde. A Mesa electo-ral estaba instalada no inmoible da antiga escola do lugar de A Igrexa.

As candidaturas

Concorren a estas eleccións sete for-macións políticas, o maior número de candidaturas que por parte dos partidos ou coalicións electorais se teñen presen-tado en cada unha das sete confronta-cións electorais que houbo a nivel local desde a instauración da democracia. A composición das candidaturas reflicte un contundente predominio masculino; o 89% dos integrantes destas candidatu-ras son homes, fronte ao tan só 11% que constitúen as mulleres.

A candidatura presentada pola Agru-pación Municipal Democrática Galega de Noia –**AMDG**– está integrada por: Felisindo Blanco Civeira, José García Sónora, P. Concepción Louro Vilas, Marcelino Romero Ons, María del Car-men del Río Fernández, A. José Ramón Nine Arufe, José M^a Antelo Caamaño,


Junta Electoral de Zona DE NOYA (LA CORUÑA)

MANUEL FABEIRO GÓMEZ, Secretario de la Junta Electoral de Zona de N O Y A (La Coruña),
C E R T I F I C O, que en sesión de esta Junta, fecha de hoy, han resultado electos por ese Municipio de N O Y A los siguientes CONCEJALES:

D. JESÚS DÍAZ FOMAS	de 33 años de edad
D. JOSÉ MOAS PAZOS	" 40 " " "
D ^a . MARIA DOLORES RODRIGUEZ CAAMAÑO	de 30 años de edad
D. MANUEL BRAVO HORTA	de 61 años de edad
D. GERARDO MIGUELS VILLANUSTRE	de 68 años de edad
D. LUIS ESTEVEZ ESTEVEZ	" 59 " " "
D. ANTONIO LUGILDE GONZALEZ	" 46 " " "
D. JOSÉ AL. CRUCES PEREZ	" 33 " " "
D. RAMON VAZQUEZ PARCERO	" 42 " " "
D. JOSÉ GRENILLA BLANCO	" 52 " " "
D. JOSÉ ALBERTO VILLAVIENTE LOPEZ	" 42 " " "
D. EMILIO GOMEZ IGLESIAS	" 53 " " "
D. VICENTE PICON DOMINGUEZ	" 46 " " "
D. JOSÉ RAMON GIL IGLESIAS	" 47 " " "
D. JOAQUIN FERNANDEZ HERMOSO	" 46 " " "
D ^a MARIA LUDIVINA TOMÉ BLANCO	" 55 " " "
D. FRANCISCO OVIEDO ABEIJÓN	" 26 " " "

Y para que sirva de certificación en forma y enviar a ese Ayun-tamiento de N O Y A , expido la presente con el Vº Bº de S.Sª, Presidente de la Junta, en Noia a 9 de Abril de mil nove-cientos setenta y nueve. Doy fé.

Vº Bº
El Presidente de la Junta Electoral de Zona



José M. Méndez Creo, Carlos Seijas Martínez, Enrique E. Justo Cerviño, José González Teira, M^a Pilar C. Mato Louro, José Seijas Carreño, Rafael Calveiro Rodríguez, Lorenzo García Blanco, José Antonio García Tubío, Emilio Lucas Sánchez Lojo, José Lorenzo Ces, M^a Luisa Suárez Flores e Eligio Seijas Martínez.

Francisco Oviedo Abeijón encabeza a candidadtura do Bloque Nacionalal Popular Galego –**BNPG**–, seguido de: José Luís Agrelo Hermo, Manuel Caamaño Mariño, Julio Iglesias Ons, José Manuel Barreiro Ulloa, Marina Díaz Fornas, Manuel Ríos Filgueira, Manuel Rodríguez Rial, Carmen Iglesias Lires, Manuel Mariño Rodríguez, M^a Jesús Juanatey Malvárez, Luís Carreño Güeto, Francisco Javier Batalla Lado, José Mato Váz-quez, Francisco Pais Barreiro, Manuel Rivadulla Lorenzo, Juan José Mariño Reino, M^a Tionila Rosa Pérez Roig, José Manuel Ponte Barreiro, Andrés López Baha-monde, José Antonio Insua Rodríguez e M^a Teresa Igle-sias Lires.

O Grupo Independiente –**GI**– propón como candida-tos a: José Ramón Gil Iglesias, Joaquín Fernández Her-moso, M^a Ludivina Tomé Blanco, Francisco de Andrés Pérez, José Rodríguez Insua, Juan Antonio Caamaño

ELECCIONES LOCALES 1979
PRESENTACION DE CANDIDATOS A CONCEJALES

Modelo
ELP/4.1


PROVINCIA LA CORUÑA MUNICIPIO NOYA

D. MANUEL SAMPEDRO CORES D. _____

en representación de (1) COALICION DEMOCRATICA

presentan como candidatura en el Municipio reseñado a los siguientes señores, conforme a lo establecido en la legislación vigente.

Nº	NOMBRE Y APELLIDOS	ASOCIACION O FEDERACION POLITICA (2)
1	JOSE BRENLLA BLANCO	
2	JOSE ALBERTO VILLAVARDE LOPEZ	
3	EMILIO GOMEZ IGLESIAS	
4	VICENTE PICON DOMINGUEZ	
5	LEANDRO PEREZ PEREZ	
6	FRANCISCO CIERTO COSTA	
7	JOSE RAMA DOSIL	
8	RAMON CREO SOUTO	
9	JULIO MORENO MONTERO	
10	JUAN JOSE LOPEZ PEREZ	
11	FRANCISCO VILLAR OVIDE	
12	LUIS MORAN SEIJAS	
13	EDUARDO JAIME ESTEVEZ SIEIRA	
14	JOSE JUANATEY BLANCO	
15	ADOLFO VILLAVARDE LOPEZ	
16	TOMAS CES VIEITES	
17	MANUEL FILGUEIRA GONZALEZ	
18	ELIGIO CALVEIRO BLANCO	
19	JUAN BARREIRO MARTINEZ	
20	AGUSTIN MARTINEZ CASTRO	

FIRMAO  FIRMAO

(1) Partido, Federación o Coalición.
(2) En el caso de Coalición.

DOCUMENTACION QUE SE ACOMPAÑA:

a) Adaptación escrita de los candidatos que figuran en la candidatura.
b) Documento acreditativo de figurar los candidatos inscritos en el censo.
c) Declaración de cada candidato de no estar afectado por las condiciones de inelegibilidad.
d) Nombramiento de representante de la presente lista en la Junta Electoral de Zona y la Junta Electoral Provincial.

EL SECRETARIO DE LA JUNTA ELECTORAL DE ZONA DE CANDIDATURA PRESENTADA EL DIA 12 de 1979 a las 12 horas, asignándole el n.º 123

Suárez, Antonio Sánchez García, Alberto Rodríguez de la Iglesia, José Manuel Ulloa Roo, José Insua Horta, Elías Moares Lorenzo, Juan Ramón López Oviedo, José Barreiro Freire, José Luís López Ramírez, José Dosil Luna, José Caramés Martínez e Luís Blanco Gómez.

A candidatura de Coalición Democrática –CD– compónena: José Brenlla Blanco, José Alberto Villaverde López, Emilio Gómez Iglesias, Vicente Picón Domínguez, Leandro Pérez Pérez, Francisco Ciertto Costa, José Rama Dosil, Ramón Creo Souto, Julio Moreno Montero, Juan José López Pérez, Francisco Villar Ovide, Luís Morán Seijas, Eduardo Jaime Estévez Sieira, José Juanaatey Blanco, Adolfo Villaverde López, Tomás Ces Vieites, Manuel Filgueira González, Eligio Calveiro Blanco, Juan Barreiro Martínez e Agustín Martínez Castro.

Jesús Díaz Fornas lidera a candidatura do Partido Socialista Obrero Español –PSOE–, seguido de: José Moas Pazos, M^a Dolores Rodríguez Caamaño, Manuel Bravo Horta, Gerardo Miguéns Villanustre, Alberto Pérez Morales, Manuel Antonio Caamaño Lago, Andrés González Redondo, Carlos Méndez Iglesias, José Antonio Arca Hermo, Renato Pestónit Brenlla, Rafael Rodrí-

guez de la Iglesia, Ricardo Rey Castro, Manuel Núñez Vázquez, José Iglesias Martínez, José Caamaño Filgueira, Gerardo Bravo Fernández, Claudio Gómez Díaz e Élide Montaos Cancela.

Polo Partido do Traballo de Galicia –PTG– preséntanse: Gerónimo Agrafojo Arestino, Manuel Rodríguez Cobas, Santiago Méndez Pérez, Carlos García Leis, Manuel Fernández Arufe, José Luís Arias Abeijón, José Antonio Agrafojo Arestino, Manuel Portela Fernández, Armando Sendón Gómez, Salvador Fernández Gómez, M^a de los Ángeles Piñeiro Batalla, Salvador Fernández Agrafojo, M^a Concepción Mato Gómez, Manuel Tubío Rivas, José Antonio Macedo Eiras, Julia Fraga Liste e Francisco Piñeiro Villaverde.

A candidatura de Unión de Centro Democrático –UCD– intégrana: Luís Estévez Estévez, Antonio Lugilde González, José A. Cruces Pérez, Ramón Vázquez Parcerro, Manuel Arufe González, Juan Ramón Fernández Ferreiro, Antonio Piñeiro González, Eduardo Viñas Guerrero, Victoriano Lorenzo Lestón, Ernesto Villanueva Raña, Aurelio Moledo Laranga, Antonio Liñayo Freire, Baldomero Outes Posse, José Mario López Lorenzo, Antonio Maneiro González, Manuel Blanco Campos, Mariano González Cobo, Francisco Javier Fernández Ferreiro e Ramón Rodríguez Miguéns.

OS RESULTADOS ELECTORAIS E A ATRIBUCIÓN DE CONCELEIROS

O PSOE agroma como primeira forza política e eríxese con 1.565 votos –27%– en gañador destes comicios, seguido da UCD con 1.268 –21, 8%–. O terceiro lugar ocúpao a CD, que acada 1.114 –19, 2%–. O GI sitúase no cuarto lugar con 1.075 –18, 5%– e o BNPG, con 400 –6, 9%–, ocupa o quinto lugar. A AMDG e o PTG tan só conseguen 262 –4, 5%– e 124 –2, 1%– respectivamente.

RESULTADOS XERAIS

Censo electoral:	9.505
Total votantes:	5.896 (62%)
Abstención:	3.609 (38%)
Votos válidos:	5.808
Votos nulos:	60
Votos en branco:	28

VOTOS POR CANDIDATURAS

PSOE	1.565.....	27%
UCD	1.268	21, 8%
CD	1.114	19, 2%
GI	1.075	18, 5%
BNPG.....	400.....	6, 9%
AMDG	262.....	4, 5%
PTG.....	124.....	2, 1%

CENSO DAS MESAS ELECTORAIS

Bergondo	733
Barquiña	1.099
V. Fermosa	1.123
Os Pazos	529
Ousoño	622
Redondelo. Boa	539
Instituto	1.544
Xulgados	972
Praza	532
Milagrosa	546
Chaínza	611
Roo	745

Por Mesas electorais o PSOE gaña en sete, a UCD en tres e a CD e o GI tan só en unha.

O procedemento ou sistema que se aplica para determinar o número de actas de concelleiros que se lle atribúen despois da votación a cada candidatura ou lista electoral coñécese co nome de método d'Hondt. Este método consiste en dividi-los votos conseguidos por cada candidatura por 1, 2, 3, 4..., 17 (número de concelleiros a eleir en Noia), clasificando logo os cocientes de maior a menor e atribuíndo por esta mesma orde decrecente os concelleiros ás listas que obteñan os cocientes maiores.

MESAS	VOTOS POR MESAS ELECTORAIS			
	BRANCOS	NULOS	VÁLIDOS	PORCENT.
Bergondo	1	11	426	59, 8
Barquiña	4	3	620	57, 1
V. Fermosa	11	7	678	60, 0
Os Pazos	3	4	304	58, 8
Ousoño	0	4	375	60, 9
Redondelo. Boa	3	2	290	54, 8
Instituto	4	9	994	65, 3
Xulgados	1	5	632	65, 7
Praza	0	3	322	61, 1
Milagrosa	1	0	380	69, 8
Chaínza	0	4	372	61, 6
Roo	0	8	415	56, 8

MESAS	VOTOS A CANDIDATURAS POR MESAS						
	AMDG	BNPG	CD	GI	PSOE	PTG	UCD
Bergondo	6	28	118	56	133	0	85
Barquiña	26	84	147	68	89	7	199
V. Fermosa	13	59	75	77	170	41	243
Os Pazos	20	6	63	47	92	17	59
Ousoño	29	8	31	42	163	1	101
Redondelo	25	4	41	20	91	3	106
Instituto	32	66	203	262	291	6	134
Xulgados	36	24	106	171	197	16	82
Praza	33	13	56	64	112	6	38
Milagrosa	16	16	65	154	62	13	54
Chaínza	16	83	40	59	110	14	50
Roo	10	9	169	55	55	0	117

O método d'Hondt é un método proporcional que prima ao partido gañador; é dicir, que este partido conseguirá unha proporción de concelleiros superior á de votos obtidos. Esta proporcionalidade aumenta ou diminúe en función do tamaño da circunscrición e do número de cargos a eleir na mesma. Porén, o número de concelleiros a eleir está predeterminado segundo unha escala fixada na lexislación electoral con carácter previo á elección; xa que logo, a proporcionalidade depende igualmente desta norma legal.

A teor dos resultados obtidos, ao PSOE correspóndenlle cinco concelleiros; á UCD e CD, catro; ao GI, tres e ao BNPG, un. As dúas restantes formacións non acadan representación. A primeira corporación democrática fica formada polos concelleiros electos: Jesús Díaz Fornas, José Moas Pazos, M^a Dolores Fernández Caamaño, Manuel Bravo Horta, Gerardo Miguéns Villanustre, Luís Estévez Estévez, Antonio Lugilde González, José A. Cruces Pérez, Ramón Vázquez Parcerro, José Brenlla Blanco,

ELECCIONES LOCALES 1979
PRESENTACION DE CANDIDATOS A CONCEJALES

PROVINCIA **LA CORUÑA** MUNICIPIO **NOYA**

D. **JESUS DIAZ FORNAS** D. _____

en representación de **1 PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL** presentan como candidatura en el Municipio reseñado a los siguientes señores, conforme a lo establecido en la legislación vigente.

Nº	Nombre y Apellidos	Asociación o Federación Política
1	JESUS DIAZ FORNAS	P.S.O.E.
2	JOSE MOAS PAZOS	P.S.O.E.
3	MARIA DOLORES RODRIGUEZ CAAÑO	P.S.O.E.
4	MANUEL BRAVO HORTA	P.S.O.E.
5	GERARDO MIGUENS VILLANUSTRE	P.S.O.E.
6	ALBERTO PERES RURALES	P.S.O.E.
7	MANUEL ANTONIO CAAÑO LAGO	P.S.O.E.
8	ANDRÉS GONZÁLEZ REDONDO	P.S.O.E.
9	CARLOS BÉNDEZ IGLESIAS	P.S.O.E.
10	JOSE ANTONIO ARCA HERRERO	P.S.O.E.
11	RENATO PESTONIT BRENLLA	P.S.O.E.
12	RAFAEL RODRIGUEZ DE LA IGLESIA	P.S.O.E.
13	RICARDO REY CASTAÑO	P.S.O.E.
14	MANUEL MUREZ VAZQUEZ	P.S.O.E.
15	JOSE IGLESIAS MARTINEZ	P.S.O.E.
16	JOSE CAAÑO FILDUEIRA	P.S.O.E.
17	GERARDO BRAVO FERNANDEZ	P.S.O.E.
18	CLAUDIO GOMEZ DIAZ	P.S.O.E.
19	ELIDA GUNTAUS CANCELA	P.S.O.E.
20		
21		
22		
23		
24		
25		
26		
27		
28		
29		
30		
31		
32		
33		
34		
35		
36		
37		
38		
39		
40		

FIRMADO, _____ FIRMADO, _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA:
a) Asociación escrita de los candidatos con firmas en la candidatura.
b) Documento acreditativo de firmas: los candidatos inscritos en el censo.
c) Duplicación de cada candidato de un estar afectado por las condiciones de inelegibilidad.

Le Díaz

José Alberto Villaverde López, Emilio Gómez Iglesias, Vicente Picón Domínguez, José Ramón Gil Iglesias, Joaquín Fernández Hermoso, M^a Ludivina Tomé Blanco e Francisco Oviedo Abeijón.

Os concelleiros electos toman posesión o día 19 de abril, procedéndose no mesmo acto á elección de alcalde, cargo que recae en Jesús Díaz Fornas. Posteriormente procédese ao nomeamento das tenencias de alcaldía, que ocupan por esta mesma orde: José Moas Pazos, Manuel Bravo Horta, José Ramón Gil Iglesias, M^a Dolores Rodríguez Caaño, José Brenlla Blanco e Antonio Lugilde González. Asemade, organízase o traballo político corporativo cotián constituíndo as comisións informativas:

COMISIÓN DE FACENDA:

Presidente: José Moas Pazos

Membros: Francisco Oviedo Abeijón

Bravo Horta

Gerardo Miguéns Villanustre

José Ramón Gil Iglesias



ACTO Ó PRESIDENTE DO CENTRO GALEGO DE BOS AIRES

COMISIÓN DE ENSINO, CULTURA E DEPORTES:

Presidenta: M^a Dolores Rodríguez Caamaño

Membros: Joaquín Fernández Hermoso

M^a Ludivina Tomé Blanco

Francisco Oviedo Abeijón

Emilio Gómez Iglesias

COMISIÓN DE OBRAS PÚBLICAS E URBANISMO:

Presidente: Manuel Bravo Horta

Membros: Joaquín Fernández Hermoso

Vicente Picón Domínguez

José Moas Pazos

José A. Villaverde López

COMISIÓN DE GOBERNO E RÉXIME INTERIOR:

Presidente: José R. Gil Iglesias

Membros: José A. Cruces Pérez

Antonio Lugilde González

Luís Estévez Estévez

Emilio Gómez Iglesias

COMISIÓN DE INFORMACIÓN E TURISMO:

Presidente: Antonio Lugilde González

Membros: Ramón Vázquez Parcerio

José A. Cruces Pérez

M^a Ludivina Tomé Blanco

José A. Villaverde López

COMISIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS:

Presidente: José Brenlla Blanco

M^a Dolores Rodríguez Caamaño

Vicente Picón Domínguez

José R. Gil Iglesias

O día 17 de outubro deste mesmo ano o concelleiro Francisco Oviedo Abeijón cesa, sendo substituído por José Manuel Barreiro Ulloa, quen se posesiona do cargo o día 26 do mesmo mes. Posteriormente, este concelleiro tamén dimite e substitúeo Juan José Mariño Reino. O día 27 de xaneiro de 1980 prodúcese a baixa por falecemento de Gerardo Miguéns Villanustre, pasando a ocupar o seu posto Alberto

ELECCIONES LOCALES 1979
PRESENTACIÓN DE CANDIDATOS A CONCEJALES

PROVINCIA: LA CORUÑA MUNICIPIO: NOIA

D. VILVERDE FERNANDO LARREA

en representación de (1) BLOQUE NACIONAL-POPULAR GALO (BN-PG)

presentes como candidatos en el Municipio reseñado a los siguientes señores, conforme a lo establecido en la legislación vigente.

Nº	NOMBRE Y APELLIDOS	ASOCIACIÓN O FEDERACIÓN POLÍTICA (2)
1	Francisco Oviedo Abeijón	BN-PG
2	José Luis Agrelo Herme	BN-PG
3	Manuel Cosmea Meriño	INDEPENDIENTE
4	José Iglesias Oca	BN-PG
5	José Manuel Barreiro Ulloa	BN-PG
6	Marina Díaz Fornes	BN-PG
7	Manuel Ríos Filgueira	BN-PG
8	Manuel Rodríguez Rial	BN-PG
9	Carmen Iglesias Liras	BN-PG
10	Manuel Meriño Rodríguez	BN-PG
11	María Jesús Jonestey Melvárez	INDEPENDIENTE
12	Luis Carreira Otero	BN-PG
13	Francisco Javier Botella Lado	INDEPENDIENTE
14	José Mato Vázquez	BN-PG
15	Francisco Paiz Barreiro	INDEPENDIENTE
16	Manuel Rivadulla Lorenzo	BN-PG
17	Juan José Mariño Reino	BN-PG
18	María Thonila Rosa Pérez Reig	BN-PG
19	José Manuel Ponte Barreiro	BN-PG
20	Andrés López Sarmiento	BN-PG
21	José Antonio Lucas Rodríguez	BN-PG
22	María Teresa Iglesias Liras	BN-PG

(1) Partido, Federación o Coalición.
(2) En el caso de Coalición.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA:

(a) Aspetado escrito de los candidatos que figuren en la lista.
(b) Documento acreditativo de que los candidatos inscritos en el censo.
(c) Documento de rectificación de su inscripción por los candidatos, en su caso.
(d) Documento de inscripción de los representantes de la presente lista en la Junta Electoral de Zona o la Junta Electoral Provincial.

Pérez Morales, quen toma posesión do cargo o día 9 de febreiro de 1980.

PERFIL SOCIOLÓXICO DA CORPORACIÓN

A corporación que os noieses elixen para rexer os destinos do concello durante o catríenio 1979-83 ten unha idade media de 46 anos, ostentando a condición de membro de maior idade Gerardo Miguéns Villanustre, e a de concelleiro máis xove Francisco Oviedo Abeijón. Dos dezasete edís electos, dez son naturais de Noia e os sete restantes nacen noutros concellos galegos e mesmo, como é caso do alcalde, noutra comunidade autónoma.

Por actividades profesionais a clasificación é como segue:

Autónomos 5 edís
Avogados.....3 edís
Empregados de banca3 edís
Profesores3 edís
Amas de casa2 edís
Médicos1 edil

As substitucións que ao longo do período mandada-tado se producen non supoñen ningún troco ou alteración na devandita clasificación.

Domingo Antonio Ríos Ronquete

Ilustre Noiés. Humanista do século XIX

José Freire Picallos

A FIGURA ACADÉMICA E PROFESIONAL

Nacido no lugar de Sino, parroquia do Obre, Noia (A Coruña), o 25 novembro de 1895. Fillo de Amador Ríos Domínguez e de Francisca Ronquete Queiro.



Morreu en Santiago o 24 de outubro de 1965, e está soterrado na Parroquia de S. Xulián de Sales (Vedra) á beira do río de Santa Lucía.

Casou con D^a María Graña Lorenzo (finada), e tivo 3 fillos: Polito, Xabier e Ana María (finada).

Mestre de Ensinanza Primaria (1929).

Licenciado en Filosofía e Letras, Sección de Historia, (1931).

Licenciado en Dereito (1936).

Superados os estudos de Arquivos e Bibliotecas pola Universidade de Madrid.

Superados os estudos da Carreira Eclesiástica ata Teoloxía no Seminario de Santiago.

Estivo impartindo a ensinanza no Colexio de Orfos de Médicos “Príncipe de Asturias” en Madrid durante os cursos 1926-27 e 1928-29.

Durante os anos 1922 a 1924 estivo dirixindo o Colexio de 1^a e 2^a Ensinanza en Santa Uxía de Ribeira, e foi agasallado por todas as clases sociais da Cidade pola súa labor pedagóxica cun pergamiño no que se lle califica como “Ilustre Pedagogo”.

Foi Profesor axudante interino adscrito á Cátedra de Latín do Instituto “Calderón de la Barca” de Madrid no ano 1932.

Encargado de Curso de Latín no Instituto de Arrecife de Lanzarote, dende ano 1933 ata o 1935. Dentro deste

período insular tamén explicou neste mesmo Centro: Filosofía, Xeografía e Historia, Lingua e Literatura Españolas e Francés.

Encargado de Curso de Latín no Instituto de Noia nos cursos 1935-36 e 1936-37. Dentro deste período, por orde do Rector da Universidade de Santiago foi Encargado de Curso con carácter provisional de Latín no Instituto de Vigo durante 2 meses.

Encargado de Curso de Latín no Instituto de Tui duante o curso 1937-38.

Encargado da Cátedra de Latín no mesmo Instituto de Tui para o curso 1938-39. Neste mesmo Centro tamén exerceu como Secretario durante 23 meses.

Profesor Encargado de Curso de Latín no Instituto Femenino de Santiago (denominado posteriormente Instituto Rosalía Castro) para o curso 1939-40.

No mesmo Instituto Rosalía Castro de Santiago continuou como Encargado de Curso de Latín nos cursos 1939-40 ata o de 1942-43.

Profesor Permanente Adxunto á Cátedra de Latín no mesmo Centro de Santiago dende o curso 1943-44 ata 1954-55.

Profesor Adxunto Numerario de Institutos de Ensinanza Media, con destino no mesmo Instituto Rosalía Castro dende o mes de maio de 1955 ata a data

do seu pasamento en 24 de outubro de 1965.

Foi compañeiro de Seminario dentro da Cátedra de Latín do Instituto “Rosalía Castro” de Aquilino Iglesia Alvariño (1909-1961), latinista, poeta ensaísta e lexicógrafo, autor dos Cómaros verdes.

Simultaneamente coa ensinanza veu exercendo como Avogado e Notario Eclesiástico dentro da Diócese de Santiago.

A FIGURA HUMANA

A vida andadeira deste noiés, que procedía dunha familia humilde, está trazada dende o principio nese marco duro da emigración, daquela inflexible. O éxodo ben se vía vir.

Dentro desa longa xeira e case sempre en circunstancias non abundantes e menos de fartura, vemos que estivo ademais de en Santiago, Ribeira, Vigo e Tui. Logo en Madrid, Arrecife e mesmamente cóstanos que de mozo emigrou nun tempo a Cuba, e a EE.UU.

Os estudos de humanidades e os de Dereito ocuparon esencialmente a súa formación, e polo tanto isto foi o que o levou a inclinarse pola ensinanza, que simultaneaba coa avogacía dentro do campo eclesiástico.

Loitou moito na súa vida por saír adiante. Soportou a soidade e a distancia. Tivo unha mocidade salpicada de moitas dificultades.

Tamén sabemos que na xuventude resultaba ser un atractivo e bo mozo, namoradizo e romántico.

Dentro do marco deportivo vimos testemuñas nas que consta que practicou o boxeo na Habana.

Un home que dedicou máis de 40 anos da súa vida á ensinanza, sendo moi destacado o seu labor no campo da apedagoxía das linguas clásicas.

Sempre tivo unha grande sensibilidade para a música. Isto fixo que o levara a darlle unha importante forma-



FACHADA O IES ROSALÍA DE CASTRO

ción musical ós seus fillos, pois tanto Xabier, que resultou chegar a ser un destacado concertista de piano, actuando na maioría dos países europeos, coma Polito, que desenvolveu esta actividade de pianista no Brasil.


El mesmo ten utilizado a gaita galega en EE.UU.

Cando non lle falta máis que un mes para cumprir os 70 anos e poder así disfrutar da ben gañada xubilación e despois dunha breve enfermidade, morre o 24 de outubro de 1965.

Nunha carta manuscrita que me dirixe en data 18-9-65, un mes antes do seu pasamento, e cando a enfermidade estaba acabando con el, entre outras cousas dime:

“Estoy retenido en cama, mi deseada normalidad en la salud, es lenta y enojosa; ahora que podría yo disfrutar de un suave y bonancible bienestar, como premio a una vida laboriosa y casi heroica, el infortunio se ensaña en mi”.

Din que “as almas que saben latín parecen máis pretas de Deus”. Se isto é así, D. Antonio por alí anda.



Estefanía Ageito

Poesía

Jota P. Erre

Sueños

Siendo muy joven soñaba
con vencer la tiranía,
luego, teniendo ya barba,
vi que el Poder me vencía.

Sin doblegarme sufría
por lo mal que me sentía.

Cuando muy joven soñaba
con la igualdad para todos,
luego, cuando tuve barba,
vi que era un sueño de locos.

Que unos son como ovejas
y otros igual que lobos.

Cuando era joven soñaba
con la libertad del mundo,
luego, teniendo ya barba,
vi que mi sueño era absurdo.

La libertad no es buena
para el interés de alguno.

Siendo muy joven soñaba
en acabar con el hambre,
luego, teniendo ya barba,
asimilé aquel desastre.

Que el hambre ayuda a muchos
a hacerse de oro el traje.

Cuando era joven soñaba
en terminar con las guerras,
luego, cuando tuve barba,
comprendí que no hay treguas.

Petróleo, oro y bombas
son la esencia en los trueques.

Siendo muy joven soñaba
que no había odio en las
gentes,
luego, teniendo ya barba,
vi amor y odios frecuentes.

Porque la gente se odia
incluso sin intereses.

Siendo muy niño soñaba
con padres honrados, buenos,
luego conforme “medraba”,
comprobé que eran inmensos.
Hicieron bellos mis sueños
nunca “engendraron” líos.

Entre los mejores padres
siempre contarán los míos.

Siendo muy joven soñaba
que todo era muy bello,
luego, con traje y corbata,
viví en infierno y cielo.

Que ni todo era tan feo,
ni todo era tan bello.

Cuando era joven soñaba
con Piernas, cadera y tetas,
luego, teniendo ya barba,
busqué mujeres selectas.

Cultura, amor y ternura,
sin obsesión de opulencias.

Cuando era joven soñaba
con hacer algo sonado,
ahora con barba blanca
comprendo que estaba errado.

Que un sueño es algo fácil,
pero distinto alcanzarlo.

Cuando era joven soñaba
con “volar” por todo el orbe,
ahora, con barba blanca,
veo que “vuelo” sin orden.

Pero mis sueños son libres
incluso en el desorden.

Siendo muy joven soñaba...

Pesadillas

Siendo joven ignoraba
la violencia de género,
ahora, con barba blanca,
lloro de febrero a enero.

Porque ese es un desastre
que repudia el mundo entero.

Nunca existe una razón
para aquel que maltrata,
que uno no puede matar
todo aquello que no ama.

Es un proceder indigno
de aquel que no tiene alma.





Roque Gallardo

Noia en branco e negro



Vai dar comezo a corrida de touros na “Cunca”. Os espectadores, vestidos coa elegancia pública dos anos sesenta, prepáranse para se divertir co espectáculo xeralmente traxicómico. A autoridade competente vai ocupar os seus asentos de honra. Non son as cinco en punto da tarde pero paréceo.



Os nenos xogan a remeiros nas augas limpas e transparentes da ría. A bucólica estampa é das que axudan a crear esa idea de Galicia como a Suíza ibérica. Aínda o lixo e a contaminación non se fixeran donos do noso medio.



Outra visión máis da praza franciscana, da súa igrexa e da fermosa fonte que a preside. O retratista busca a estética do encadre, pero a vida dalla a xente.

Chamábase a Porta da Ponte e despois a Porta da Peregrina porque por ela entraban os romeiros que viñan da Plymouth ou de Cork para visitar Compostela. Os berros de ¡Ultra Eya! resoaban nas paredes gráníticas das casas fidalgas. E aínda resoan, se se sabe escoitar.



Os nosos libros

Xerardo AgraFoxo



CASA DA GRAMÁTICA

IV Semana da Historia de Noia


Casa da Gramática / 20,5x15 cm. / 250 páxinas / 4 €

A presente obra, encadrada dentro da colección PORTA AZUL, publicouse conxuntamente co Número 22 da Revista de Creación Literaria e Cultural do IES Virxe do Mar: *Casa da Gramática*. Nela recóllense os traballos sobre historia, arte e literatura presentados na *IV Semana da Historia de Noia*, celebrada durante o mes de marzo do ano 2003 como homenaxe ao escritor Antón Avilés de Taramancos.

As dez investigacións publicadas pertencen a Concha Allut Vidal (*Iconografía de San Martiño*), Xerardo AgraFoxo (*María Mariño: Unha noiosa esquecida*), Pedro García Vidal (*Xeografía defensivas nas vilas de Noia e Muros*), Aurora Marco (*Antón Avilés de Taramancos. Vida e poesía*), Xoán Mariño (*Historia dos escudos de Noia*), Carlos Pereira (*Anxo Senra: un noiés alcalde da Coruña*), Antón Riveiro Coello (*As paisaxes da terra*), Clodio González Pérez (*O cemiterio de Santa María A Nova*), Manuel Mariño del Río (*A industria da salgadura catalana na ría de Muros e Noia*) e Víctor Freixanes (*Basilio Vilariño, explorador da Patagonia*).

Nas súas páxinas poden contemplarse numerosas fotografías, documentos históricos, informacións xornalísticas, mapas xeográficos, planos urbanos e láminas de instrumentos das salgaduras que axudan a decatare da categoría dos traballos presentados polos especialistas que interviron nas xornadas.

A través deste amplo e ilustrativo percorrido temático, os editores da prestixiosa publicación cultural apostan de maneira decidida pola recuperación da memoria esquecida durante tantos anos.



CASA DA GRAMÁTICA. Nº 22

Literatura infantil e xuvenil (1)

Edición do IES Virxe do Mar - Noia / 26x20,5 cm. / 42 páxinas.

O presente número está dedicado no seu apartado PAPEL DE COLOR á LITERATURA INFANTIL E XUVENIL. Nel inteveñen destacados especialistas como Sabela Álvarez Núñez (*Reflexións para unha lectura creadora*), Carlos Mosteiro (*A década prodixiosa*), Helena Villar Janeiro (*Literatura para a infancia*) e Antonio Reigosa co relato *O sumidorio Calcarrúas*.

Ademais destes traballos poden lerse noutras páxinas dous contos escritos por alumnas galardoadas no Certame das Letras Galegas 2004 organizado conxuntamente polos institutos de Campo de San Albarte e Virxe do Mar: Silvia Agraso Málvarez (*A miña Bisaboa*) e Esperanza Filgueira Rama (*Amor de quince anos*). Completa a edición un ronsel de colaboracións entre as que destaca un relato de Ramón Carredano (*Caramelos*) e a reseña biográfica sobre o científico Antonio Casares realizada polo profesor Emilio Silva.

A calidade da publicación –unha louvable tarefa dos seus tres coordinadores: Lola Arxóns, Concha Sabucedo e Xavier Castro–, demóstrase polos premios que consegue cada ano, a nivel provincial e autonómico, no concurso convocado pola Consellaría de Educación para a promoción do uso da nosa lingua no ensino baxo o epígrafe “ENTRE NÓS, EN GALEGO”.

